DIARIO OFICIAL de GALICIA

Venres, **23** de marzo de **2001**
P.V.P. **130** ptas. = **0,78 €** (IVE incluído)

# SUMARIO

Páxs.

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA**

— Orde do 16 de marzo de 2001 pola que se desenvolve o Decreto 275/1999, do 14 de outubro, e se regulan en réxime de concorrencia competitiva as axudas para reparación de edificios de vivendas de protección oficial de promoción pública. 3.706

Ano XX
Nº 59

Páxs.

# III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

— Corrección de erros.-Resolución do 2 de febreiro de 2001 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 1 de febreiro de 2001, polo que se aproba a relación de postos de traballo dos servicios veterinarios oficiais de saúde pública da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais. 3.709

— Resolución do 9 de marzo de 2001 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de marzo de 2001, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. 3.709

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

— Decreto 58/2001, do 15 de marzo, polo que se acorda o sometemento a arbitraxe dos conflictos derivados do acordo de socios da sociedade *Regasificadora del Noroeste, S.A.* 3.722

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

— Acordo de aprobación do inventario liquidado das Cámaras da Propiedade Urbana de Galicia adoptado pola Comisión de Liquidación o día 9 de marzo de 2001. 3.722

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

— Orde do 19 de febreiro de 2001 pola que se lle autoriza a ampliación dunha unidade ó centro privado de educación especial Duques de Lugo de Santiago de Compostela (A Coruña). 3.725

— Orde do 23 de febreiro de 2001 pola que se lle concede autorización definitiva ó centro privado Santiago Apóstol de Narón (A Coruña), para impartir educación secundaria obrigatoria, segundo os datos do anexo. 3.725

— Orde do 16 de marzo de 2001 pola que se convocan dúas bolsas de colaboración en tarefas de orientación e información ós estudiantes. 3.726

Páxs.

## CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS

— Decreto 59/2001, do 8 de marzo, polo que se declara a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial de Lugo, dos bens e dereitos necesarios para a realización da obra número 286 Plan Operativo Local 1999. Chantada e Carballedo. Mellora de curvas na estrada provincial de Chantada por Nogueira ós Peares, punto quilométrico 21,000 a 28,000 (concellos de Chantada e Carballedo). 3.729

— Resolución do 24 de xaneiro de 2001, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o depósito e a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, do acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ó servicio do Concello de Muxía. 3.729

— Resolución do 6 de febreiro de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, da revisión salarial do convenio colectivo da empresa *Alonarti Envases, S.A.* 3.736

## INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

— Resolución do 23 de febreiro de 2001 pola que se fai pública a concesión de tres bolsas de formación na área da estatística pública, convocadas por Resolución do 30 de outubro de 2000 (*Diario Oficial de Galicia* número 229, do 27 de novembro). 3.739

# IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

## CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

— Orde do 5 de marzo de 2001 pola que se resolve convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería da Presidencia e Administración Pública. 3.740

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

— Corrección de erros.-Orde do 8 de marzo de 2001 pola que se convoca concurso-oposición para ingreso no corpo de mestres en expectativa de ingreso na Comunidade Autónoma, así como a adquisición de novas especialidades. 3.740

Páxs.

**CONSELLERÍA DE FAMILIA E PROMOCIÓN DO EMPREGO, MULLER E XUVENTUDE**

— Orde do 13 de marzo de 2001 pola que se convoca a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. 3.741

**CENTRO INFORMÁTICO PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO-FINANCEIRA E CONTABLE**

— Resolución do 6 de marzo de 2001 pola que se eleva a definitiva a proposta de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo de analistas-programadores do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable. 3.743

— Resolución do 6 de marzo de 2001 pola que se eleva a definitiva a proposta de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo de programadores do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable. 3.743

**UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

— Resolución do 1 de marzo de 2001 pola que se nomea catedrático de escola universitaria da área de coñecemento de enxeñería eléctrica, do departamento de Enxeñería Industrial, a Ramón Guillermo Borrás Formoso (praza 00/012). 3.743

**VI. ANUNCIOS**

**a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA**

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA**

— Resolución do 27 de setembro de 2000, da Dirección Xeral de Urbanismo, de aprobación definitiva do proxecto de expropiación forzosa, polo procedemento de taxación conxunta, dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras de urbanización dos accesos ó centro sanitario *Policlínico Lucense, S.A.* (Polusa), no concello de Lugo. 3.744

— Resolución do 14 de marzo de 2001 pola que se anuncia a licitación do concurso, polo procedemento aberto, de asistencia técnica para a realización dos proxectos básicos e informes xeotécnicos da estación de autobuses de Sada (A Coruña) e nove estacións máis. 3.745

Páxs.

**CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO**

— Resolución do 9 de febreiro de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 01/42-4). 3.746

— Resolución do 12 de febreiro de 2001, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 00/147-2, 5493 A.T.). 3.747

— Resolución do 12 de febreiro de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 01/39-4). 3.747

— Resolución do 12 de febreiro de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 01/40-4). 3.747

— Resolución do 12 de febreiro de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 01/41-4). 3.748

— Resolución do 16 de febreiro de 2001, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 00/100-3). 3.748

— Resolución do 15 de marzo de 2001, da Dirección Xeral de Industria, pola que se autoriza administrativamente, se declara de utilidade pública e se aproba o anexo I do proxecto de execución da liña aérea de transporte de enerxía eléctrica a 220 kV, O Mesón do Vento-Vimianzo, apoios 31 e 32, no termo municipal de Cerceda, provincia da Coruña. (Expediente 228/1999). 3.748

**CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO**

— Resolución do 14 de marzo de 2001 pola que se anuncia a contratación, por concurso público e sistema aberto, da subministración, instalación e mantemento de equipos para a investigación e desenvolvemento de museos virtuais. 3.750

Páxs.

— Resolución do 14 de marzo de 2001 pola que se anuncia a contratación, por concurso público e sistema aberto, da asistencia técnica para a contratación do mantemento tecnolóxico do Centro Multimedia de Galicia (CMG). 3.751

— Resolución do 14 de marzo de 2001 pola que se anuncia a contratación, por concurso público e sistema aberto, da asistencia técnica para a realización dun estudio para o desenvolvemento dunha comisión do cine en Galicia. 3.751

**CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS**

— Resolución do 26 de febreiro de 2001, da Dirección Xeral de Servicios Sociais, pola que se anuncia concurso público, polo procedemento aberto con trámite de urxencia, para a contratación dun servicio para realiza-lo programa *Arte nas túas mans*, destinado a persoas maiores e minusválidos. 3.752

**CONSELLERÍA DE PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA**

— Orde do 7 de febreiro de 2001 pola que se aproba o cambio de dominio do establecemento Marpesa XIV. 3.752

— Resolución do 14 de marzo de 2001, da Secretaría Xeral da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso aberto e trámite de urxencia, para a adquisición de cinco carretas elevadoras para os portos pesqueiros de Cangas, Cedeira, Laxe, A Pobra do Caramiñal e Redondela. 3.753

— Resolución do 14 de marzo de 2001, da Secretaría Xeral da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso aberto e trámite de urxencia, para a adquisición dun guindastre pórtico automotor *travelling* con destino ó porto pesqueiro de Cangas (Pontevedra). 3.754

— Resolución do 14 de marzo de 2001, da Secretaría Xeral da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso aberto e trámite de urxencia, para a adquisición dun guindastre con destino ó porto pesqueiro do Carril (Pontevedra). 3.754

Páxs.

— Resolución do 14 de marzo de 2001, da Secretaría Xeral da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso aberto e trámite de urxencia, para a adquisición de cinco máquinas de lavado de caixas con destino ós portos pesqueiros de Cambados, Cariño, Portonovo, Muros e Bueu. 3.755

— Cédula do 9 de febreiro de 2001, da Delegación Territorial da Coruña, pola que se fai pública unha relación de notificacións de aperturas e pregos de cargos de expedientes sancionadores (PESAN1 2000/000992-1 e dezaseis máis). 3.755

— Cédula do 12 de febreiro de 2001, da Delegación Territorial da Coruña, pola que se fai pública unha relación de notificacións de resolucións de expedientes sancionadores (PESAN1 2000/000028-1 e dez máis). 3.756

**CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS**

— Resolución do 15 de febreiro de 2001, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se fai pública a modificación estatutaria da asociación *Selección y Mejora Genética* (Semegén). 3.757

— Resolución do 15 de febreiro de 2001, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se fai público o depósito da acta de constitución e dos estatutos da *Asociación de Médicos Interinos del Complejo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela* (Ademi-Chus). 3.757

**CONSELLERÍA DE FAMILIA E PROMOCIÓN DO EMPREGO, MULLER E XUVENTUDE**

— Resolución do 15 de marzo de 2001, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se anuncia concurso público, polo procedemento aberto e tramitación urxente, para a xestión do servicio de cafetería do edificio da sede desta delegación. 3.758

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE**

— Resolución do 6 de febreiro de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se notifica a resolución de sobresemento dos expedientes sancionadores EN-31/2000 e dous máis. 3.758

Páxs.

— Resolución do 13 de febreiro de 2001, da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, pola que se fai pública a iniciación do trámite de audiencia no expediente de reintegro das subvencións outorgadas á entidade *Fomento de la Producción Forestal, S.L.* nos expedientes AG-617-A-36-01 e dous máis. 3.759

— Resolución do 9 de marzo de 2001, da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, pola que se fai pública a resolución recaída no expediente sancionador de caza CO-2000/095. 3.759

**INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO**

— Resolución do 23 de febreiro de 2001 pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso aberto, do contrato de proxecto e obra de construcción de 24 vivendas, garaxes e rochos en Rianxo. (Expediente C-00/010). 3.760

**b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL**

**CONCELLO DA CORUÑA**

— Anuncio (EDD-9/2000). 3.760

**CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS**

— Anuncio. 3.761

**CONCELLO DE NARÓN**

— Anuncio. 3.761

— Anuncio. 3.761

Páxs.

**CONCELLO DE NOIA**

— Anuncio. 3.761

**CONCELLO DA PASTORIZA**

— Anuncio. 3.762

— Anuncio. 3.762

**CONCELLO DE PONTEVEDRA**

— Resolución do 8 de febreiro de 2001 pola que se anuncia a licitación para a contratación das obras incluídas no proxecto de reforma de edificio para centro social en Santo André de Xeve. 3.762

— Resolución do 8 de febreiro de 2001 pola que se anuncia a licitación para a contratación das obras incluídas no proxecto de reforma de local para centro social en Estribela. 3.762

**CONCELLO DO PORRIÑO**

— Anuncio. 3.763

**CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

— Edicto sobre ocupación da parcela 117 do polígono 1 do solo urbanizable programado número 3 (SUP-3) da Pontepedriña. 3.763

**CONCELLO DE VIGO**

— Anuncio de aprobación definitiva do proxecto de urbanización da rúa Pardaíña (expediente 4006/401). 3.763

— Anuncio da aprobación inicial do estudio de detalle do camiño da Raposa (expediente 5592/411). 3.764

**CONCELLO DE VIVEIRO**

— Anuncio de contratación. 3.764

DIARIO OFICIAL de GALICIA

DOG

**EDICIÓN E ADMINISTRACIÓN**

Secretaría Xeral da Consellería da Presidencia e Administración Pública
Edificio San Caetano - Santiago de Compostela
Teléfonos: 981 54 42 68 - 981 54 42 70
Fax: 981 54 42 72 - 981 54 42 73
http://www.xunta.es
e-mail: dog@xunta.es
ISSN 1.130-9229
Depósito legal C. 73-1982

**IMPRIME**

Editorial Compostela, S.A.
R/ Preguntoiro, nº 29 - Santiago de Compostela

# I. DISPOSICIÓNS XERAIS

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

*Orde do 16 de marzo de 2001 pola que se desenvolve o Decreto 275/1999, do 14 de outubro, e se regulan en réxime de concorrencia competitiva as axudas para reparación de edificios de vivendas de protección oficial de promoción pública.*

O Decreto 275/1999, do 14 de outubro, constitúe o marco normativo polo que se regula a concesión de subvencións á reparación de vivendas de protección oficial de promoción pública adxudicadas en réxime de compravenda.

A súa disposición derradeira faculta o conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda para dictar, no marco da súa competencia, cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do referido decreto.

En uso da referida autorización,

*DISPOÑO:*

Artigo 1º.-Solicitudes.

Para os efectos do previsto no artigo 6 do Decreto 275/1999, do 14 de outubro, determínase:

1. Como modelos de solicitudes, os que figuran no anexo I desta disposición, achegando os seguintes documentos:

A. Relación de propietarios.

B. Copia compulsada do libro de actas onde se nomea o presidente da comunidade de propietarios.

C. D.N.I. do presidente.

D. Certificado expedido polo secretario da comunidade do acordo adoptado pola xunta de propietarios para a execución das obras.

E. Fotografías do edificio e das zonas que se van reparar.

F. Memoria valorada asinada por un facultativo competente que incluirá, alomenos, os seguintes documentos:

F-1) Memoria xustificativa da necesidade das reparacións solicitadas, con proposta da solución técnica.

F-2) Orzamento detallado do custo real das obras, determinado polo orzamento de execución material máis o IVE, de conformidade co establecido no artigo 3 do Decreto 275/1999, do 14 de outubro.

Cando a solicitude comprenda diferentes tipos de actuacións, a documentación sinalada neste punto deberá presentarse individualmente para cada unha delas.

G. Certificacións xustificativas de que a comunidade de propietarios está ó día nas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, e certificación acreditativa de non ter contraída ningunha débeda, por ningún concepto, coa Xunta de Galicia

H. CIF da comunidade de propietarios.

I. Certificado bancario onde se recolla o nº de conta e onde figure como titular dela a comunidade de propietarios.

J. Declaración do presidente da comunidade na que se sinalen tódalas solicitudes efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto, polas distintas administracións públicas.

K. Outros documentos que, se é o caso, resulten necesarios como complemento da documentación anterior.

2. O prazo de presentación das solicitudes será de dous (2) meses desde a entrada en vigor desta orde.

Artigo 2º.-Baremo.

Para os efectos do disposto no artigo 7 do Decreto 275/1999, do 14 de outubro, establécese o seguinte baremo de puntuación:

| 1) Tipo de actuación | Puntos |
|---|---|
| -Adecuación estructural | 8 |
| -Adecuación funcional: | |
| -Seguridade fronte a accidentes, sinistros, estabilidade de elementos de fachada | 7 |
| -Condicións de estanquidade fronte á choiva, humidade e illamento térmico | 6 |
| -Redes xerais de auga, gas, electricidade, telefonía, saneamento, calefacción e servicios xerais | 4 |
| -Supresión de barreiras arquitectónicas | 3 |
| **2) Antigüidade da edificación desde a entrega das vivendas** | **Puntos** |
| -Ata 20 anos | 1 |
| -Máis de 20 anos | 2 |
| **3) Repercusión da actuación por vivenda** | **Puntos** |
| -Ata 400.000 ptas./vivenda | 2 |
| -Máis de 400.001 ptas./vivenda | 1 |

En calquera caso, cando non quede suficientemente acreditada a necesidade da reparación solicitada ou a idoneidade da solución técnica proposta, e así se desprenda dos informes elaborados polos servicios técnicos do IGVS, a dita solicitude xa non será obxecto de baremación.

Artigo 3º.-Resolución e inicio de obras.

Para os efectos do disposto no artigo 10 do Decreto 275/1999, do 14 de outubro, os beneficiarios daquelas actuacións seleccionadas presentarán no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ó da recepción da resolución da aprobación provisional, o proxecto de obra asinado por técnico competente, copia da solicitude da licencia municipal e contrato de dirección de obra cun facultativo competente, se é necesario. O orzamento do proxecto non poderá superar en ningún caso o orzamento máximo fixado na aprobación provisional.

Revisada toda a documentación, e comprobada a adecuación do proxecto así como os prezos de cada unidade de obra tomando como referencia os establecidos no parágrafo 2º do artigo 3 do decreto, o director xeral do IGVS dictará a resolución no prazo dun mes, pola que se aproba definitivamente e se autoriza o inicio das obras. Esta resolución recollerá o orzamento protexible, a contía concreta da subvención e o prazo de execución.

A resolución do director xeral, que non pon fin á vía administrativa, poderá ser recorrida en alzada ante o conselleiro de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da notificación.

Artigo 4º.-Execución da obra.

As obras executaranse con estricta suxeición ó proxecto redactado e seguindo as instruccións que, en interpretación del, dea o facultativo director das

obras contratado para o efecto, debendo, se é o caso, comunicarlle ó IGVS as modificacións introducidas no proxecto durante a execución das obras.

Os incrementos do orzamento debidos ás modificacións do proxecto en ningún caso serán obxecto de subvención.

Os decrecementos do orzamento debidos ás modificacións do proxecto provocarán unha diminución do importe da subvención, que será o resultado de aplica-la porcentaxe de subvención aprobada en función do tipo de actuación, ó novo orzamento protexible.

Artigo 5º.-Pagamento da subvención.

1. O pagamento das subvencións concedidas efectuarase unha vez rematada as obras, trala presentación por parte da comunidade de propietarios do correspondente certificado fin de obra.

2. Non obstante, cando o importe da subvención supere a cifra de 5.000.000 de pesetas poderanse efectuar pagamentos parciais á conta da liquidación sempre que concorran os requisitos e as circunstancias seguintes:

a) Que a comunidade de propietarios o solicite.

b) Que se xustifiquen non só o investimento senón tamén os pagamentos efectuados ata ese momento con cargo ó proceso de investimento aprobado.

c) O importe que se pode satisfacer por pagamentos parciais non poderá exceder en ningún caso da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario de que se trate, nin tampouco supera-lo 80% do total da subvención concedida.

d) Para a concesión de pagamentos parciais será necesario que o beneficiario da subvención acredite xa ter aplicados, ó proceso investidor, recursos propios na mesma proporción que representa o pagamento parcial respecto da subvención concedida.

e) Os pagamentos parciais quedan condicionados ó resultado da liquidación definitiva da subvención, e para estes efectos estarán garantidos con aval bancario ou de entidade aseguradora que se considere suficiente e por tempo indefinido. Este aval estará á disposición do IGVS e soamente poderá levantarse unha vez que a subvención se liquide definitivamente de conformidade ou que se xustifique o cumprimento da finalidade e o pagamento do investimento para o que a subvención foi concedida. O dito aval garantirá o principal e os xuros calculados polo xuro legal do diñeiro e por un prazo que medie entre a data de solicitude e o último día no que, de acordo coas normas de concesión da subvención, esta debe estar xustificada.

No caso de que se autoricen os pagamentos parciais, a comunidade de propietarios presentará mensualmente as correspondentes certificacións de obra executada coa conformidade da dirección de obra.

En todo caso, o importe das primeiras certificacións de obra, ata acada-lo orzamento que debe ser asumido polos veciños, será aboado pola comunidade de propietarios, quen deberá presentar no IGVS os oportunos xustificantes de pagamento das ditas cantidades.

A partir dese momento, respectando os límites recollidos no parágrafo primeiro deste punto, as certificacións serán aboadas polo IGVS á comunidade de propietarios, quen deberá inmediatamente facer efectivo o pagamento á empresa contratada.

O importe restante da subvención librarase unha vez rematadas as obras, trala presentación por parte da comunidade de propietarios do certificado final de obra asinado polo técnico director, sinalando que estas foron executadas conforme o proxecto aprobado.

3. No caso de que as certificacións ás que se refire o punto G do artigo 1º desta orde non estean vixentes no momento do aboamento das certificacións de obra ou do remate dela, deberán ser actualizadas.

4. En todo caso, antes do derradeiro pagamento o presidente da comunidade deberá presentar unha declaración das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Artigo 6º.-Garantías.

1. O incumprimento das condicións establecidas para o outorgamento da subvención levará consigo, ademais das sancións que puidesen corresponder, o reintegro da axuda percibida, incrementada co xuro legal correspondente desde o seu aboamento.

2. Toda alteración das condicións que se tivesen en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

3. Os beneficiarios, ademais das obrigas establecidas no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, quedan sometidos á obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida polo IGVS así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 7º.-Aplicación orzamentaria.

Estas axudas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 06.50.331 A.788. dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, destinándose para tal fin 50.000.000 de pesetas no ano 2001.

Artigo 8º.-Normativa aplicable.

Con independencia do disposto nesta orde, haberá que aterse ó disposto no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; no seu defecto pola Lei 4/2000, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2001, o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificado pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

*Disposición derradeira*

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2001.

José Cuíña Crespo
Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

*ANEXO*

XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA**

**INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO**

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| ***ACTUACIÓNS PROTEXIDAS EN MATERIA DE REPARACIÓN DE EDIFICIOS DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA*** | ***OT420A*** | ***SOLICITUDE*** |

**DATOS DO SOLICITANTE**

| | | | |
|---|---|---|---|
| COMUNIDADE DE PROPIETARIOS | | | CIF |
| GRUPO DE VIVENDAS | | LOCALIDADE | |
| PROVINCIA | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO | |

**E na súa representación:**

| | | |
|---|---|---|
| APELIDOS | NOME | DNI |
| ENDEREZO | LOCALIDADE | |
| PROVINCIA | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO |

**EXPÓN:**

Que en calidade de ________________________ do ________________________
(presidente) (edificio ou das vivendas)

sito/s en: localidade ____________, concello ____________, rúa ________________,

nº ____, piso ____, letra ____, desexa acollerse ós beneficios que abaixo se sinalan para actuacións de reparación que a seguir se indican, ó abeiro do establecido no Decreto 275/1999, do 14 de outubro. Polo que,

**SOLICITA:**

Que lle sexa expedida a correspondente aprobación provisional.

| *ACTUACIÓNS PROTEXIBLES* | *AXUDA SOLICITADA* |
|---|---|
| ☐ **REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS**<br>MODALIDADES<br>☐ ADECUACIÓN ESTRUCTURAL.<br>☐ ADECUACIÓN FUNCIONAL.<br>☐ SEGURIDADE FRONTE A ACCIDENTES, SINISTROS, ESTABILIDADE DE ELEMENTOS DE FACHADA.<br>☐ CONDICIÓNS DE ESTANQUIDADE FRONTE Á CHUVIA, HUMIDADE E ILLAMENTO TÉRMICO.<br>☐ REDES XERAIS DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE, TELEFONÍA, SANEAMENTO, CALEFACCIÓN E SERVICIOS XERAIS.<br>☐ SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS. | ☐ **SUBVENCIÓN** |

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Decreto 275/1999, do 14 de outubro.*

*Orde do 16 de marzo de 2001 pola que se desenvolve o Decreto 275/1999, do 14 de outubro, e se regulan en réxime de concorrencia competitiva as axudas para reparación de edificios de vivendas de protección oficial de promoción pública.*

SINATURA DO SOLICITANTE

, *de* *de*

(Para cubrir pola Administración)

| | |
|---|---|
| RECIBIDO | NÚMERO DE EXPEDIENTE |
| | DATA DE ENTRADA / / |
| REVISADO E CONFORME | DATA DE EFECTOS / / |
| | DATA DE SAÍDA / / |

*Director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo*

**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA**

- ☐ RELACIÓN DE PROPIETARIOS.
- ☐ COPIA COMPULSADA DO LIBRO DE ACTAS ONDE SE NOMEA O PRESIDENTE DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.
- ☐ DNI DO PRESIDENTE.
- ☐ CERTIFICADO EXPEDIDO POLO SECRETARIO DA COMUNIDADE DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE PROPIETARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS.
- ☐ FOTOGRAFÍAS DO EDIFICIO E DAS ZONAS QUE SE VAN REPARAR.
- ☐ MEMORIA VALORADA ASINADA POR UN FACULTATIVO COMPETENTE QUE INCLUIRÁ, POLO MENOS, OS SEGUINTES DOCUMENTOS:
  - ☐ MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DAS REPARACIÓNS SOLICITADAS, CON PROPOSTA DE SOLUCIÓN TÉCNICA.
  - ☐ ORZAMENTO DETALLADO DO CUSTO REAL DAS OBRAS, DETERMINADO POLO ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL MÁIS IVE, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 3 DO DECRETO 275/1999, DO 14 DE OUTUBRO.

  CANDO A SOLICITUDE COMPRENDA DIFERENTES TIPOS DE ACTUACIÓNS, A DOCUMENTACIÓN SINALADA NESTE PUNTO DEBERÁ PRESENTARSE INDIVIDUALMENTE PARA CADA UNHA DELAS.
- ☐ CERTIFICACIÓNS XUSTIFICATIVAS DE QUE A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS ESTÁ Ó DÍA NAS OBRIGAS FISCAIS E COA SEGURIDADE SOCIAL, E CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DE NON TER CONTRAÍDA NINGUNHA DÉBEDA, POR NINGÚN CONCEPTO, COA XUNTA DE GALICIA.
- ☐ CIF DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.
- ☐ CERTIFICADO BANCARIO ONDE SE RECOLLA O Nº DE CONTA E ONDE FIGURE COMO TITULAR A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.
- ☐ DECLARACIÓN DO PRESIDENTE DA COMUNIDADE NA QUE SE SINALEN TÓDALAS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS, PARA O MESMO PROXECTO, POLAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.
- ☐ OUTROS DOCUMENTOS QUE, SE É O CASO, RESULTEN NECESARIOS COMO COMPLEMENTO DA DOCUMENTACIÓN ANTERIOR.

# III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Corrección de erros.-Resolución do 2 de febreiro de 2001 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 1 de febreiro de 2001, polo que se aproba a relación de postos de traballo dos servicios veterinarios oficiais de saúde pública da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais.*

Advertido erro na devandita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 33, do 15 de febreiro de 2001, cómpre efectua-la oportuna corrección:

Na páxina 2.024, no centro de destino: Servicio Veterinario de Saúde Pública (zona: Ferrol), e no posto co código SA.C99.20.003.15350.014, inspector veterinario de Saúde Pública comarca Ferrol na columna corpo/escala, onde di: «Xeral», debe dicir: «Especial».

*Resolución do 9 de marzo de 2001 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de marzo de 2001, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.*

Polo Decreto 297/2000, do 21 de decembro (DOG nº 4, do 5 de xaneiro de 2001) modificouse a estructura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, coa finalidade de que a reasignación de funcións e competencias que realiza posibiliten a implantación do Sistema de Información para a Educación Galega (Siega).

Todo isto, así como a necesidade de adecua-lo cadro de persoal dos centros de ensino xa existentes e dos de nova creación ás súas necesidades de funcionamento, fan necesario modifica-la vixente relación de postos de traballo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

En consecuencia, por proposta da dita consellería, oídas as organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación da Comunidade Autónoma e a Comisión de Persoal, o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do oito de marzo de dous mil un, adoptou o seguinte,

*ACORDO:*

Primeiro.-Modifica-la vixente relación de postos de traballo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos termos que se sinalan nos anexos ó presente acordo.

Segundo.-Ordena-la publicación das ditas modificacións no *Diario Oficial de Galicia* para efectos da súa entrada en vigor a partir do día seguinte a ela.

Terceiro.-Clasificar como postos de libre designación de acordo coas motivacións que se especifican os seguintes:

| Código | Denominación | Motivación |
|---|---|---|
| ED.C02.00.001.15770.011 | Xefe Sección Xestión Económica e Habilitación. | Posto de especial responsabilidade polo manexo de fondos públicos. |
| ED.C02.00.001.15770.040<br>ED C02.00.001.15770.041 | Inspector/a Servicios Educativos Complementarios<br>Inspector/a Servicios Educativos Complementarios | Postos de confianza e especial responsabilidade na función inspectora por tratar temas moi sensibles. |
| ED C02.00.001.15770.052<br>ED C02.00.001.15770.053<br>ED C02.00.001.15770.080<br>ED C02.00.001.15770.090<br>ED C02.00.001.15770.094 | Xefe Subárea de Informática Educativa<br>Xefe Subárea de Atención a Usuarios<br>Xefe Subárea de Desenvolvemento<br>Xefe Subárea de Sistemas<br>Xefe Subárea de Comunicacións | Postos de confianza e especial responsabilidade polos datos que teñen baixo a súa custodia |

Visto o acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do oito de marzo de dous mil un, relativo á aprobación da modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, coa finalidade de cumpri-lo dito acordo, dispoño que se publique no *Diario Oficial de Galicia* como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2001.

Jaime Pita Varela
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

*ANEXO I*

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Na relación de postos de traballo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicada no DOG nº 144, do 28-7-1999 prodúcense as seguintes modificacións:

* Nas páxinas 9.707 e 9.708 tódolos postos de traballo do centro de destino «S.X. DE COORDINACIÓN ADMINISTRATIVA E XESTIÓN ORZAMENTARIA», substitúense polos seguintes:

Persoal funcionario

**SECRETARIA XERAL**

**CENTRO DE DESTINO: S. X. DE COORDINACIÓN ADMINISTRATIVA E XESTIÓN ORZAMENTARIA**

| Código do posto | Denominación | Vac. | Niv. | Complem. específico | Tipo posto | Forma prov. | Gr. | Corpo / Escala | Titulación académica | Formación específica | Obser. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ED.C02.00.001.15770.001 | SUBD.XERAL COORDINACIÓN ADMTVA. E XESTIÓN ORZAMEN. | NON | 30 | 2.410.548 | S | LD | A | XERAL/ESPECIAL | | 523 | |
| ED.C02.00.001.15770.003 | SECRETARIO/A DO/A SUBDIRECTOR/A XERAL | SI | 16 | 531.768 | N | C | CD | XERAL | | 001 | |
| ED.C02.00.001.15770.008 | XEFE SERVICIO XESTIÓN ECONÓMICA E RÉXIME INTERIOR | SI | 28 | 1.772.460 | S | LD | AB | XERAL | | | |
| ED.C02.00.001.15770.011 | XEFE SECCION XESTION ECONÓMICA E HABILITACIÓN | NON | 25 | 1.240.728 | S | LD | ABC | XERAL | | | |
| ED.C02.00.001.15770.012 | XEFE NEGOCIADO I | NON | 18 | 567.192 | N | C | BCD | XERAL | | | |
| ED.C02.00.001.15770.013 | XEFE NEGOCIADO II | NON | 18 | 567.192 | N | C | BCD | XERAL | | | |
| ED.C02.00.001.15770.014 | XEFE NEGOCIADO III | NON | 18 | 567.192 | N | C | BCD | XERAL | | | |
| ED.C02.00.001.15770.015 | XEFE DE GRUPO | SI | 14 | 496.284 | N | C | CD | XERAL | | | |
| ED.C02.00.001.15770.018 | XEFE SERV. XEST. SERVICIOS EDUCATIVOS COMPLEMENT. | NON | 28 | 1.772.460 | S | LD | AB | XERAL | | | |
| ED.C02.00.001.15770.019 | XEFE SECC. SERVICIOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS I | NON | 25 | 1.240.728 | S | C | ABC | XERAL | | | |
| ED.C02.00.001.15770.023 | XEFE SECC. SERVICIOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS II | NON | 25 | 1.240.728 | S | C | ABC | XERAL | | | |
| ED.C02.00.001.15770.040 | INSPECTOR/A SERVICIOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS | NON | 25 | 1.240.728 | S | LD | ABC | XERAL | | | |
| ED.C02.00.001.15770.041 | INSPECTOR/A SERVICIOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS | NON | 25 | 1.240.728 | S | LD | ABC | XERAL | | | |
| ED.C02.00.001.15770.044 | XEFE DE NEGOCIADO | NON | 18 | 567.192 | N | C | BCD | XERAL | | | |
| ED.C02.00.001.15770.050 | XEFE ÁREA INFORMÁT.EDUC., ATENCIÓN A CENTROS E EST | NON | 28 | 1.772.460 | S | LD | AB | XERAL(ESCALA INFORMÁTICA)/DO CENTE | | 164 | |
| ED.C02.00.001.15770.052 | XEFE SUBÁREA DE INFORMÁTICA EDUCATIVA | SI | 26 | 1.417.992 | S | LD | AB | XERAL(ESCALA INFORMÁTICA)/DO CENTE | | 164 | |
| ED.C02.00.001.15770.053 | XEFE SUBÁREA DE ATENCIÓN A USUARIOS | SI | 26 | 1.417.992 | S | LD | AB | XERAL(ESCALA INFORMÁTICA)/DO CENTE | | 164 | |
| ED.C02.00.001.15770.062 | ANALISTA PROGRAMADOR | NON | 22 | 1.205.292 | N | C | B | XERAL(ESCALA INFORMÁTICA) | | | (1) |
| ED.C02.00.001.15770.066 | PROGRAMADOR | NON | 20 | 950.064 | N | C | C | XERAL(ESCALA INFORMÁTICA) | | | (1) |
| ED.C02.00.001.15770.067 | PROGRAMADOR | NON | 20 | 950.064 | N | C | C | XERAL(ESCALA INFORMÁTICA) | | | (1) |
| ED.C02.00.001.15770.068 | PROGRAMADOR | NON | 20 | 950.064 | N | C | C | XERAL(ESCALA INFORMÁTICA) | | | (1) |
| ED.C02.00.001.15770.071 | OPERADOR ORDENADOR | SI | 18 | 779.892 | N | C | C | XERAL(ESCALA INFORMÁTICA) | | | |
| ED.C02.00.001.15770.074 | XEFE ÁREA SISTEMAS DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS | SI | 28 | 1.772.460 | S | LD | AB | XERAL(ESCALA INFORMÁTICA)/DO CENTE | | 164 | |
| ED.C02.00.001.15770.076 | XEFE SECCIÓN DE COORDINACIÓN ADMINISTRATIVA | NON | 25 | 1.240.728 | N | C | ABC | XERAL | | | |
| ED.C02.00.001.15770.078 | XEFE UNIDADE I | NON | 25 | 1.666.116 | N | C | ABC | XERAL(ESCALA INFORMÁTICA) | | | (1) |
| ED.C02.00.001.15770.080 | XEFE SUBÁREA DE DESENVOLVEMENTO | SI | 26 | 1.417.992 | S | LD | AB | XERAL(ESCALA INFORMÁTICA)/DO CENTE | | 164 | |
| ED.C02.00.001.15770.082 | ANALISTA PROGRAMADOR | SI | 22 | 1.205.292 | N | C | B | XERAL(ESCALA INFORMÁTICA) | | | |
| ED.C02.00.001.15770.083 | ANALISTA PROGRAMADOR | SI | 22 | 1.205.292 | N | C | B | XERAL(ESCALA INFORMÁTICA) | | | |
| ED.C02.00.001.15770.084 | ANALISTA PROGRAMADOR | SI | 22 | 1.205.292 | N | C | B | XERAL(ESCALA INFORMÁTICA) | | | |

| Código do posto | Denominación | Vac. | Niv. | Complem. específico | Tipo posto | Forma prov. | Gr. | Corpo / Escala | Titulación académica | Formación específica | Obser. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ED.C02.00.001.15770.086 | ANALISTA PROGRAMADOR | SI | 22 | 1.205.292 | N | C | B | XERAL(ESCALA INFORMÁTICA) | | | |
| ED.C02.00.001.15770.087 | ANALISTA PROGRAMADOR | SI | 22 | 1.205.292 | N | C | B | XERAL(ESCALA INFORMÁTICA) | | | |
| ED.C02.00.001.15770.089 | ANALISTA PROGRAMADOR | SI | 22 | 1.205.292 | N | C | B | XERAL(ESCALA INFORMÁTICA) | | | |
| ED.C02.00.001.15770.090 | XEFE SUBÁREA DE SISTEMAS | SI | 26 | 1.417.992 | S | LD | AB | XERAL(ESCALA INFORMÁTICA)/DO CENTE | | 164 | |
| ED.C02.00.001.15770.092 | PROGRAMADOR | SI | 20 | 950.064 | N | C | C | XERAL(ESCALA INFORMÁTICA) | | | |
| ED.C02.00.001.15770.094 | XEFE SUBÁREA DE COMUNICACIÓNS | SI | 26 | 1.417.992 | S | LD | AB | XERAL(ESCALA INFORMÁTICA)/DO CENTE | | 164 | |
| ED.C02.00.001.15770.096 | OPERADOR ORDENADOR | SI | 18 | 779.892 | N | C | C | XERAL(ESCALA INFORMÁTICA) | | | |
| ED.C02.00.001.15770.099 | XEFE NEGOCIADO I | NON | 18 | 567.192 | N | C | BCD | XERAL | | | |

* Nos «SERVICIOS PERIFÉRICOS» prodúcense as seguintes modificacións nas páxinas que se indican:
CREACIÓNS:

**CENTRO DE DESTINO: DELEGACIÓN PROVINCIAL A CORUÑA (Páx. 9.713)**

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ED.C99.10.000.15001.052 | OPERADOR ORDENADOR | SI | 18 | 779.892 | N | C | C | XERAL(ESCALA INFORMÁTICA) | | | |
| ED.C99.10.000.15001.053 | OPERADOR ORDENADOR | SI | 18 | 779.892 | N | C | C | XERAL(ESCALA INFORMÁTICA) | | | |

**CENTRO DE DESTINO: DELEGACIÓN PROVINCIAL LUGO (Páx. 9.716)**

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ED.C99.10.000.27001.052 | OPERADOR ORDENADOR | SI | 18 | 779.892 | N | C | C | XERAL(ESCALA INFORMÁTICA) | | | |

**CENTRO DE DESTINO: DELEGACIÓN PROVINCIAL OURENSE (Páx. 9.717)**

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ED.C99.10.000.32001.047 | OPERADOR ORDENADOR | SI | 18 | 779.892 | N | C | C | XERAL(ESCALA INFORMÁTICA) | | | |

**CENTRO DE DESTINO: DELEGACIÓN PROVINCIAL PONTEVEDRA (Páx. 9.719)**

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ED.C99.10.000.36001.051 | OPERADOR ORDENADOR | SI | 18 | 779.892 | N | C | C | XERAL(ESCALA INFORMÁTICA) | | | |
| ED.C99.10.000.36001.052 | OPERADOR ORDENADOR | SI | 18 | 779.892 | N | C | C | XERAL(ESCALA INFORMÁTICA) | | | |

MODIFICACIÓNS:

-Na páxina 9.713, no centro de destino «DELEGACIÓN PROVINCIAL A CORUÑA», o posto «ED.C99.10.000.15001.057». «ANALISTA PROGRAMADOR» cambia de código e pasa a ser «ED.C99.10.000.15001.050».

-Na páxina 9.719, no centro de destino «DELEGACIÓN PROVINCIAL PONTEVEDRA», o posto «ED.C99.10.000.36001.055». «ANALISTA PROGRAMADOR» cambia de código e pasa a ser «ED.C99.10.000.36001.049».

SUPRESIÓNS:

-Na páxina 9.713, no centro de destino «DELEGACIÓN PROVINCIAL A CORUÑA», amortízanse os postos «ED.C99.10.000.15001.055.-XEFE UNIDADE INFORMÁTICA» e «ED.C99.10.000.15001.056.-ANALISTA PROGRAMADOR».

-Na páxina 9.716, no centro de destino «DELEGACIÓN PROVINCIAL LUGO», amortízase o posto «ED.C99.10.000.27001.048.-XEFE UNIDADE INFORMÁTICA».

-Na páxina 9.717, no centro de destino «DELEGACIÓN PROVINCIAL OURENSE», amortízase o posto «ED.C99.10.000.32001.044.-XEFE UNIDADE INFORMÁTICA».

-Na páxina 9.719, no centro de destino «DELEGACIÓN PROVINCIAL PONTEVEDRA», amortízanse os postos «ED.C99.10.000.36001.053.-XEFE UNIDADE INFORMÁTICA» e «ED.C99.10.000.36001.054.-ANALISTA PROGRAMADOR».

NOVO CÓDIGO DE FORMACIÓN ESPECÍFICA:

164.-FUNCIONARIO DA ESCALA INFORMÁTICA CON EXPERIENCIA NO SISTEMA EDUCATIVO. FUNCIONARIO DOCENTE CON EXPERIENCIA EN INFORMÁTICA OU NOVAS TECNOLOXÍAS.

*ANEXO II*

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Na relación de postos de traballo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicada no DOG nº 144, do 28-7-1999, no centro de destino «DELEGACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE», na páxina 9.717, suprímese o posto de traballo «ED.C99.10.000.32001.020. SUBALTERNO».

Na relación de postos de traballo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicada no DOG nº 227, do 27-11-1995, nos centros de destino e páxinas que se sinalan a continuacion créanse os seguintes postos de traballo:

Persoal funcionario

| Código do posto | Denominación | Vac. | Niv. | Complem. específico | Tipo posto | Forma prov. | Gr. | Corpo / Escala | Titulación académica | Formación específica | Obser. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **SERVICIOS PERIFERICOS** | | | | | | | | | | | |
| **CENTRO DE DESTINO: I.E.S. "FERNANDO WIRTZ" (A CORUÑA) (Páx. 8.732)** | | | | | | | | | | | |
| ED.C99.40.202.15001.006 | SUBALTERNO | SI | 10 | 425.388 | N | C | E | XERAL | | | |
| **CENTRO DE DESTINO: I.E.S. "ANXEL CASAL - MONTE ALTO" (A CORUÑA) (Páx. 8.732)** | | | | | | | | | | | |
| ED.C99.40.203.15001.005 | AUXILIAR ADMINISTRATIVO | SI | 12 | 460.836 | N | C | D | XERAL | | | |
| **CENTRO DE DESTINO: I.E.S. "Nº 1" (A CORUÑA) (Páx. 8.733)** | | | | | | | | | | | |
| ED.C99.40.307.15001.006 | SUBALTERNO | SI | 10 | 425.388 | N | C | E | XERAL | | | |
| **CENTRO DE DESTINO: I.E.S. "RAMÓN OTERO PEDRAYO" (A CORUÑA) (DOG nº 244, do 18/12/98, páx. 13.518)** | | | | | | | | | | | |
| ED.C99.40.312.15001.005 | SUBALTERNO | SI | 10 | 425.388 | N | C | E | XERAL | | | |
| **CENTRO DE DESTINO: I.E.S. "PASEO DAS PONTES" (A CORUÑA) (Páx. 8.733)** | | | | | | | | | | | |
| ED.C99.40.313.15001.003 | AUXILIAR ADMINISTRATIVO | SI | 12 | 460.836 | N | C | D | XERAL | | | |
| ED.C99.40.313.15001.008 | SUBALTERNO | SI | 10 | 425.388 | N | C | E | XERAL | | | |
| ED.C99.40.313.15001.009 | SUBALTERNO | SI | 10 | 425.388 | N | C | E | XERAL | | | |
| **CENTRO DE DESTINO: ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS (A CORUÑA) (Páx. 8.734)** | | | | | | | | | | | |
| ED.C99.40.501.15001.006 | AUXILIAR ADMINISTRATIVO | SI | 12 | 460.836 | N | C | D | XERAL | | | |
| **CENTRO DE DESTINO: C.P. DE XORDOS "NOSA SRA. ROSARIO" (A CORUÑA) (Páx. 8.734)** | | | | | | | | | | | |
| ED.C99.40.902.15001.003 | AUXILIAR ADMINISTRATIVO | SI | 12 | 460.836 | N | C | D | XERAL | | | |
| **CENTRO DE DESTINO: C.P.I. "CONDE DE FENOSA" (ARES) (Páx. 8.734)** | | | | | | | | | | | |
| ED.C99.40.101.15040.002 | AUXILIAR ADMINISTRATIVO | SI | 12 | 460.836 | N | C | D | XERAL | | | |
| **CENTRO DE DESTINO: I.E.S. "MANUEL MURGUÍA" (ARTEIXO) (Páx. 8.734)** | | | | | | | | | | | |
| ED.C99.40.301.15050.006 | SUBALTERNO | SI | 10 | 425.388 | N | C | E | XERAL | | | |
| **CENTRO DE DESTINO: C.P.I. DE SAN VICENTE (A BAÑA) (Páx. 8.734)** | | | | | | | | | | | |
| ED.C99.40.101.15070.006 | AUXILIAR ADMINISTRATIVO | SI | 12 | 460.836 | N | C | D | XERAL | | | |
| **CENTRO DE DESTINO: C.P.I. DE CRUZ DO SAR (BERGONDO) (Páx. 8.734)** | | | | | | | | | | | |
| ED.C99.40.101.15080.006 | AUXILIAR ADMINISTRATIVO | SI | 12 | 460.836 | N | C | D | XERAL | | | |
| **CENTRO DE DESTINO: I.E.S. "FRANCISCO AGUIAR" (BETANZOS) (Páx. 8.735)** | | | | | | | | | | | |
| ED.C99.40.301.15090.007 | SUBALTERNO | SI | 10 | 425.388 | N | C | E | XERAL | | | |
| **CENTRO DE DESTINO: C.P.I. "A. COTARELO VALLEDOR" (BOIMORTO) (Páx. 8.735)** | | | | | | | | | | | |
| ED.C99.40.101.15100.006 | AUXILIAR ADMINISTRATIVO | SI | 12 | 460.836 | N | C | D | XERAL | | | |

| Código do posto | Denominación | Vac. | Niv. | Complem. específico | Tipo posto | Forma prov. | Gr. | Corpo / Escala | Titulación académica | Formación específica | Obser. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **CENTRO DE DESTINO:** | **I.E.S. "Nº 1" (BOIRO)** | **(Páx. 8.735)** | | | | | | | | | |
| ED.C99.40.302.15110.008 | AUXILIAR ADMINISTRATIVO | SI | 12 | 460.836 | N | C | D | XERAL | | | |
| ED.C99.40.302.15110.011 | SUBALTERNO | SI | 10 | 425.388 | N | C | E | XERAL | | | |
| ED.C99.40.302.15110.012 | SUBALTERNO | SI | 10 | 425.388 | N | C | E | XERAL | | | |
| **CENTRO DE DESTINO:** | **C.P.I. "ANTONIO ORZA COUTO" (BOQUEIXÓN)** | **(Páx. 8.735)** | | | | | | | | | |
| ED.C99.40.101.15120.006 | AUXILIAR ADMINISTRATIVO | SI | 12 | 460.836 | N | C | D | XERAL | | | |
| **CENTRO DE DESTINO:** | **I.E.S. ESPARÍS (BRIÓN)** | **(Páx. 8.735)** | | | | | | | | | |
| ED.C99.40.301.15130.003 | AUXILIAR ADMINISTRATIVO | SI | 12 | 460.836 | N | C | D | XERAL | | | |
| ED.C99.40.301.15130.008 | SUBALTERNO | SI | 10 | 425.388 | N | C | E | XERAL | | | |
| **CENTRO DE DESTINO:** | **C.P.I. "AS REVOLTAS" (CABANA)** | **(Páx. 8.735)** | | | | | | | | | |
| ED.C99.40.101.15140.002 | AUXILIAR ADMINISTRATIVO | SI | 12 | 460.836 | N | C | D | XERAL | | | |
| **CENTRO DE DESTINO:** | **I.E.S. DE CAMARIÑAS** | **(Páx. 8.735)** | | | | | | | | | |
| ED.C99.40.301.15160.002 | AUXILIAR ADMINISTRATIVO | SI | 12 | 460.836 | N | C | D | XERAL | | | |
| ED.C99.40.301.15160.008 | SUBALTERNO | SI | 10 | 425.388 | N | C | E | XERAL | | | |
| **CENTRO DE DESTINO:** | **I.E.S. "DAVID BUJÁN" (CAMBRE)** | **(Páx. 8.735)** | | | | | | | | | |
| ED.C99.40.301.15170.006 | SUBALTERNO | SI | 10 | 425.388 | N | C | E | XERAL | | | |
| **CENTRO DE DESTINO:** | **I.E.S. "ALFONSO X O SABIO" (CAMBRE)** | **(Páx. 8.735)** | | | | | | | | | |
| ED.C99.40.302.15170.003 | AUXILIAR ADMINISTRATIVO | SI | 12 | 460.836 | N | C | D | XERAL | | | |
| ED.C99.40.302.15170.007 | SUBALTERNO | SI | 10 | 425.388 | N | C | E | XERAL | | | |
| ED.C99.40.302.15170.008 | SUBALTERNO | SI | 10 | 425.388 | N | C | E | XERAL | | | |
| **CENTRO DE DESTINO:** | **I.E.S. "ISIDRO PARGA PONDAL" (CARBALLO)** | **(Páx. 8.735)** | | | | | | | | | |
| ED.C99.40.302.15190.004 | SUBALTERNO | SI | 10 | 425.388 | N | C | E | XERAL | | | |
| **CENTRO DE DESTINO:** | **I.E.S. DE CARNOTA** | **(Páx. 8.735)** | | | | | | | | | |
| ED.C99.40.301.15200.003 | AUXILIAR ADMINISTRATIVO | SI | 12 | 460.836 | N | C | D | XERAL | | | |
| ED.C99.40.301.15200.008 | SUBALTERNO | SI | 10 | 425.388 | N | C | E | XERAL | | | |
| **CENTRO DE DESTINO:** | **C.P.I. "VICENTE OTERO VALCÁRCEL" (CARRAL)** | **(Páx. 8.735)** | | | | | | | | | |
| ED.C99.40.101.15210.002 | AUXILIAR ADMINISTRATIVO | SI | 12 | 460.836 | N | C | D | XERAL | | | |
| **CENTRO DE DESTINO:** | **I.E.S. DE CEDEIRA** | **(Páx. 8.735)** | | | | | | | | | |
| ED.C99.40.301.15220.006 | SUBALTERNO | SI | 10 | 425.388 | N | C | E | XERAL | | | |
Vista a acta da revisión salarial do convenio colectivo para a empresa *Alonarti Envases, S.A.*, con nº de código 3602992, que tivo entrada nesta delegación provincial o día 2-2-2001, subscrito en representación da parte económica por unha representación da empresa, e da parte social polo comité de empresa, con data do 24-1-2001. De conformidade co disposto no artigo 7 do convenio colectivo e no artigo 90.2º e 3º, do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial,

*ACORDA:*

Primeiro.-Ordena-la súa inscripción no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, existente nesta delegación provincial, e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordena-lo seu depósito no Servicio de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraxe e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñe-la súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 6 de febreiro de 2001.

Antonio Coello Bufill
Delegado provincial de Pontevedra

Acta de reunión da representación social e patronal de *Alonarti Envases, S.A.* (centro de Vigo)
Acta nº 1/2001

Asistentes:

Empresa:
Javier Freitas
Juan Ferradáns

Traballadores:
Alberto González Docampo
José Vila Lamas
Antonio Rodríguez Crespo
Celestino Suárez Vallina
Dolores Miguéns Castro

En Vigo, ás 12 horas do 24 de xaneiro de 2001, reúnense a representación da empresa citada co comité de *Alonarti Envases, S.A.* (centro de Vigo), coa asistencia que á marxe se cita, e a seguinte orde do día:

1. Revisión salarial para o ano 2001.

2. Rogos e preguntas.

Intervén en primeiro lugar a representación empresarial, para manifestar que a inflación prevista polo Goberno para o ano 2001 é do 2%, polo que procede realizar unha revisión do 2,5% sobre as táboas salariais con efectos do 1 de xaneiro do presente ano, segundo o pactado no convenio colectivo.

Os novos valores son os que figuran nas táboas anexas.

Revísanse tamén os seguintes complementos:

| | Novo valor efectos xaneiro 2001 |
|---|---|
| Artigo 6º.-J. nocturna-complementos | 2.960 ptas. e 2.681 ptas. |
| Artigo 12º.-H. extras-complementos | 475 ptas. e 1.898 ptas. |
| Artigo 19º.-A. escolar | 2.943 ptas. |
| Artigo 20º.-A. minusvalidez | 20.676 ptas. |

Revisarase na mesma porcentaxe do 2,5% o complemento de transporte. Fíxase a revisión salarial para o ano 2001 nas mesmas condicións do ano anterior e coa porcentaxe do 1,9%.

Vistas as táboas e os valores de complementos, son aprobados por ámbalas partes, comezando a súa aplicación neste mes de xaneiro de 2001 e remitíndose copia á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais para o seu rexistro, finalizando a reunión sen máis asuntos que tratar.

Levántase a sesión ás 13 horas da data indicada no encabezamento.

Representación empresarial:
Javier Freitas
Juan Ferradáns

Representación de traballadores:
José Vila
Alberto González

| | | TÁBOA 2001 ( xaneiro 2001, co 2,5% de incremento ) | | | | | TÁBOA 2000 | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Cód. | Categoría | S.B.día/mes | Antigüidade | P.A.P. | H.E.normal | H.E.festiva | S.B.día/mes | Antig. | P.A.P. | H.E.normal | H.E.festiva |
| 310 | APRENDIZ | 3.097,26 | 0,00 | 215,13 | 1.176 | 1.381 | 3.021,72 | 0,00 | **209,88** | 1.147 | 1.347 |
| 311 | | 3.097,26 | 154,86 | 227,02 | 1.176 | 1.381 | 3.021,72 | 151,09 | **221,48** | 1.147 | 1.347 |
| 312 | | 3.097,26 | 309,72 | 239,00 | 1.176 | 1.381 | 3.021,72 | 302,18 | **233,17** | 1.147 | 1.347 |
| 313 | | 3.097,26 | 464,58 | 250,98 | 1.176 | 1.381 | 3.021,72 | 453,27 | **244,86** | 1.147 | 1.347 |
| 314 | | 3.097,26 | 619,44 | 258,93 | 1.176 | 1.381 | 3.021,72 | 604,36 | **252,61** | 1.147 | 1.347 |
| 315 | | 3.097,26 | 774,30 | 270,90 | 1.176 | 1.381 | 3.021,72 | 755,45 | **264,29** | 1.147 | 1.347 |
| | | | | | | | | | | | |
| 290 | PEÓN | 3.720,05 | 0,00 | 270,90 | 1.462 | 1.714 | 3.629,32 | 0,00 | **264,29** | 1.426 | 1.672 |
| 291 | | 3.720,05 | 186,00 | 282,84 | 1.462 | 1.714 | 3.629,32 | 181,47 | **275,94** | 1.426 | 1.672 |
| 292 | | 3.720,05 | 372,00 | 294,80 | 1.462 | 1.714 | 3.629,32 | 362,94 | **287,61** | 1.426 | 1.672 |
| 293 | | 3.720,05 | 558,00 | 310,67 | 1.462 | 1.714 | 3.629,32 | 544,41 | **303,09** | 1.426 | 1.672 |
| 294 | | 3.720,05 | 744,00 | 322,68 | 1.462 | 1.714 | 3.629,32 | 725,88 | **314,81** | 1.426 | 1.672 |
| 295 | | 3.720,05 | 930,00 | 338,58 | 1.462 | 1.714 | 3.629,32 | 907,35 | **330,32** | 1.426 | 1.672 |
| | | | | | | | | | | | |
| 280 | ESPTA. 2ª | 3.845,48 | 0,00 | 274,88 | 1.487 | 1.750 | 3.751,69 | 0,00 | **268,18** | 1.451 | 1.707 |
| 281 | | 3.845,48 | 192,27 | 286,78 | 1.487 | 1.750 | 3.751,69 | 187,58 | **279,79** | 1.451 | 1.707 |
| 282 | | 3.845,48 | 384,54 | 302,82 | 1.487 | 1.750 | 3.751,69 | 375,16 | **295,43** | 1.451 | 1.707 |
| 283 | | 3.845,48 | 576,81 | 314,76 | 1.487 | 1.750 | 3.751,69 | 562,74 | **307,08** | 1.451 | 1.707 |
| 284 | | 3.845,48 | 769,08 | 330,62 | 1.487 | 1.750 | 3.751,69 | 750,32 | **322,56** | 1.451 | 1.707 |
| 285 | | 3.845,48 | 961,35 | 342,60 | 1.487 | 1.750 | 3.751,69 | 937,90 | **334,24** | 1.451 | 1.707 |
| | | | | | | | | | | | |
| 270 | ESPTA. 1ª | 3.962,48 | 0,00 | 278,91 | 1.524 | 1.774 | 3.865,83 | 0,00 | **272,11** | 1.487 | 1.731 |
| 271 | | 3.962,48 | 198,12 | 294,80 | 1.524 | 1.774 | 3.865,83 | 193,29 | **287,61** | 1.487 | 1.731 |
| 272 | | 3.962,48 | 396,24 | 306,74 | 1.524 | 1.774 | 3.865,83 | 386,58 | **299,26** | 1.487 | 1.731 |
| 273 | | 3.962,48 | 594,36 | 322,68 | 1.524 | 1.774 | 3.865,83 | 579,87 | **314,81** | 1.487 | 1.731 |
| 274 | | 3.962,48 | 792,48 | 334,59 | 1.524 | 1.774 | 3.865,83 | 773,16 | **326,43** | 1.487 | 1.731 |
| 275 | | 3.962,48 | 990,60 | 350,54 | 1.524 | 1.774 | 3.865,83 | 966,45 | **341,99** | 1.487 | 1.731 |
| | | | | | | | | | | | |
| 260 | OFICIAL 3ª | 4.313,59 | 0,00 | 294,80 | 1.606 | 1.883 | 4.208,38 | 0,00 | **287,61** | 1.567 | 1.837 |
| 261 | | 4.313,59 | 215,68 | 310,67 | 1.606 | 1.883 | 4.208,38 | 210,42 | **303,09** | 1.567 | 1.837 |
| 262 | | 4.313,59 | 431,36 | 326,64 | 1.606 | 1.883 | 4.208,38 | 420,84 | **318,67** | 1.567 | 1.837 |
| 263 | | 4.313,59 | 647,04 | 342,60 | 1.606 | 1.883 | 4.208,38 | 631,26 | **334,24** | 1.567 | 1.837 |
| 264 | | 4.313,59 | 862,72 | 354,53 | 1.606 | 1.883 | 4.208,38 | 841,68 | **345,88** | 1.567 | 1.837 |
| 265 | | 4.313,59 | 1.078,40 | 370,49 | 1.606 | 1.883 | 4.208,38 | 1.052,10 | **361,45** | 1.567 | 1.837 |
| | | | | | | | | | | | |
| 250 | OFICIAL 2ª | 4.710,67 | 0,00 | 326,64 | 1.774 | 2.074 | 4.595,78 | 0,00 | **318,67** | 1.731 | 2.023 |
| 251 | | 4.710,67 | 235,53 | 342,60 | 1.774 | 2.074 | 4.595,78 | 229,79 | **334,24** | 1.731 | 2.023 |
| 252 | | 4.710,67 | 471,06 | 358,52 | 1.774 | 2.074 | 4.595,78 | 459,58 | **349,78** | 1.731 | 2.023 |
| 253 | | 4.710,67 | 706,59 | 374,45 | 1.774 | 2.074 | 4.595,78 | 689,37 | **365,32** | 1.731 | 2.023 |
| 254 | | 4.710,67 | 942,12 | 394,39 | 1.774 | 2.074 | 4.595,78 | 919,16 | **384,77** | 1.731 | 2.023 |
| 255 | | 4.710,67 | 1.177,65 | 410,30 | 1.774 | 2.074 | 4.595,78 | 1.148,95 | **400,29** | 1.731 | 2.023 |
| | | | | | | | | | | | |
| 240 | OFICIAL 1ª | 4.932,22 | 0,00 | 342,60 | 1.869 | 2.181 | 4.811,92 | 0,00 | **334,24** | 1.823 | 2.128 |
| 241 | | 4.932,22 | 246,61 | 362,49 | 1.869 | 2.181 | 4.811,92 | 240,60 | **353,65** | 1.823 | 2.128 |
| 242 | | 4.932,22 | 493,22 | 378,46 | 1.869 | 2.181 | 4.811,92 | 481,20 | **369,23** | 1.823 | 2.128 |
| 243 | | 4.932,22 | 739,83 | 394,39 | 1.869 | 2.181 | 4.811,92 | 721,80 | **384,77** | 1.823 | 2.128 |
| 244 | | 4.932,22 | 986,44 | 410,30 | 1.869 | 2.181 | 4.811,92 | 962,40 | **400,29** | 1.823 | 2.128 |
| 245 | | 4.932,22 | 1.233,05 | 430,25 | 1.869 | 2.181 | 4.811,92 | 1.203,00 | **419,76** | 1.823 | 2.128 |
| | | | | | | | | | | | |
| 30 | OF.ES.LITOG. | 5.191,37 | 0,00 | 370,49 | 2.013 | 2.351 | 5.064,75 | 0,00 | **361,45** | 1.964 | 2.294 |
| 31 | | 5.191,37 | 259,57 | 390,41 | 2.013 | 2.351 | 5.064,75 | 253,24 | **380,89** | 1.964 | 2.294 |
| 32 | | 5.191,37 | 519,14 | 406,30 | 2.013 | 2.351 | 5.064,75 | 506,48 | **396,39** | 1.964 | 2.294 |
| 33 | | 5.191,37 | 778,71 | 426,28 | 2.013 | 2.351 | 5.064,75 | 759,72 | **415,88** | 1.964 | 2.294 |
| 34 | | 5.191,37 | 1.038,28 | 442,14 | 2.013 | 2.351 | 5.064,75 | 1.012,96 | **431,36** | 1.964 | 2.294 |
| 35 | | 5.191,37 | 1.297,85 | 462,07 | 2.013 | 2.351 | 5.064,75 | 1.266,20 | **450,80** | 1.964 | 2.294 |
| | | | | | | | | | | | |
| 220 | PORTº/SERENO | 3.962,48 | 0,00 | 278,91 | 1.524 | 1.774 | 3.865,83 | 0,00 | **272,11** | 1.487 | 1.731 |
| 221 | | 3.962,48 | 198,12 | 294,80 | 1.524 | 1.774 | 3.865,83 | 193,29 | **287,61** | 1.487 | 1.731 |
| 222 | | 3.962,48 | 396,24 | 306,74 | 1.524 | 1.774 | 3.865,83 | 386,58 | **299,26** | 1.487 | 1.731 |
| 223 | | 3.962,48 | 594,36 | 322,68 | 1.524 | 1.774 | 3.865,83 | 579,87 | **314,81** | 1.487 | 1.731 |
| 224 | | 3.962,48 | 792,48 | 334,59 | 1.524 | 1.774 | 3.865,83 | 773,16 | **326,43** | 1.487 | 1.731 |
| 225 | | 3.962,48 | 990,60 | 350,54 | 1.524 | 1.774 | 3.865,83 | 966,45 | **341,99** | 1.487 | 1.731 |
| | | | | | | | | | | | |
| 230 | ALMACENEIRO | 4.313,59 | 0,00 | 294,80 | 1.606 | 1.883 | 4.208,38 | 0,00 | **287,61** | 1.567 | 1.837 |
| 231 | | 4.313,59 | 215,68 | 310,67 | 1.606 | 1.883 | 4.208,38 | 210,42 | **303,09** | 1.567 | 1.837 |
| 232 | | 4.313,59 | 431,36 | 326,64 | 1.606 | 1.883 | 4.208,38 | 420,84 | **318,67** | 1.567 | 1.837 |
| 233 | | 4.313,59 | 647,04 | 342,60 | 1.606 | 1.883 | 4.208,38 | 631,26 | **334,24** | 1.567 | 1.837 |
| 234 | | 4.313,59 | 862,72 | 354,53 | 1.606 | 1.883 | 4.208,38 | 841,68 | **345,88** | 1.567 | 1.837 |
| 235 | | 4.313,59 | 1.078,40 | 370,49 | 1.606 | 1.883 | 4.208,38 | 1.052,10 | **361,45** | 1.567 | 1.837 |
| 30 | XEFE 1ª | 171.141 | 0 | 12.289 | 2.206 | 2.576 | 166.967 | 0 | **11.989** | 2.152 | 2.513 |
| 31 | | 171.141 | 8.557,05 | 12.897 | 2.206 | 2.576 | 166.967 | 8.348,35 | **12.582** | 2.152 | 2.513 |
| 32 | | 171.141 | 17.114,10 | 13.512 | 2.206 | 2.576 | 166.967 | 16.696,70 | **13.182** | 2.152 | 2.513 |
| 33 | | 171.141 | 25.671,15 | 14.125 | 2.206 | 2.576 | 166.967 | 25.045,05 | **13.780** | 2.152 | 2.513 |
| 34 | | 171.141 | 34.228,20 | 14.741 | 2.206 | 2.576 | 166.967 | 33.393,40 | **14.381** | 2.152 | 2.513 |
| 35 | | 171.141 | 42.785,25 | 15.360 | 2.206 | 2.576 | 166.967 | 41.741,75 | **14.985** | 2.152 | 2.513 |
| | | | | | | | | | | | |
| 40 | XEFE 2ª | 160.938 | 0 | 11.561 | 2.206 | 2.576 | 157.013 | 0 | **11.279** | 2.152 | 2.513 |
| 41 | | 160.938 | 8.046,90 | 12.142 | 2.206 | 2.576 | 157.013 | 7.850,65 | **11.846** | 2.152 | 2.513 |
| 42 | | 160.938 | 16.093,80 | 12.718 | 2.206 | 2.576 | 157.013 | 15.701,30 | **12.408** | 2.152 | 2.513 |
| 43 | | 160.938 | 24.140,70 | 13.302 | 2.206 | 2.576 | 157.013 | 23.551,95 | **12.978** | 2.152 | 2.513 |
| 44 | | 160.938 | 32.187,60 | 13.879 | 2.206 | 2.576 | 157.013 | 31.402,60 | **13.540** | 2.152 | 2.513 |
| 45 | | 160.938 | 40.234,50 | 14.455 | 2.206 | 2.576 | 157.013 | 39.253,25 | **14.102** | 2.152 | 2.513 |

| | | TÁBOA 2001 ( xaneiro 2001, co 2,5% de incremento ) | | | | | | TÁBOA 2000 | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Categoría | S.B.día/mes | Antigüidade | P.A.P. | H.E.normal | H.E.festiva | | S.B.día/mes | Antigüidade | P.A.P. | H.E.normal | H.E.festiva |
| 50 | OFICIAL ADM. 1ª | 150.021 | 0 | 10.421 | 1.869 | 2.181 | | 146.362 | 0 | **10.167** | 1.823 | 2.128 |
| 51 | | 150.021 | 7.501,05 | 11.026 | 1.869 | 2.181 | | 146.362 | 7.318,10 | **10.757** | 1.823 | 2.128 |
| 52 | | 150.021 | 15.002,10 | 11.511 | 1.869 | 2.181 | | 146.362 | 14.636,20 | **11.230** | 1.823 | 2.128 |
| 53 | | 150.021 | 22.503,15 | 11.998 | 1.869 | 2.181 | | 146.362 | 21.954,30 | **11.705** | 1.823 | 2.128 |
| 54 | | 150.021 | 30.004,20 | 12.479 | 1.869 | 2.181 | | 146.362 | 29.272,40 | **12.175** | 1.823 | 2.128 |
| 55 | | 150.021 | 37.505,25 | 13.088 | 1.869 | 2.181 | | 146.362 | 36.590,50 | **12.769** | 1.823 | 2.128 |
| 60 | OFICIAL ADM. 2ª | 143.285 | 0 | 9.934 | 1.774 | 2.074 | | 139.790 | 0 | **9.692** | 1.731 | 2.023 |
| 61 | | 143.285 | 7.164,25 | 10.421 | 1.774 | 2.074 | | 139.790 | 6.989,50 | **10.167** | 1.731 | 2.023 |
| 62 | | 143.285 | 14.328,50 | 10.906 | 1.774 | 2.074 | | 139.790 | 13.979,00 | **10.640** | 1.731 | 2.023 |
| 63 | | 143.285 | 21.492,75 | 11.388 | 1.774 | 2.074 | | 139.790 | 20.968,50 | **11.110** | 1.731 | 2.023 |
| 64 | | 143.285 | 28.657,00 | 11.998 | 1.774 | 2.074 | | 139.790 | 27.958,00 | **11.705** | 1.731 | 2.023 |
| 65 | | 143.285 | 35.821,25 | 12.479 | 1.774 | 2.074 | | 139.790 | 34.947,50 | **12.175** | 1.731 | 2.023 |
| 70 | AUXILIAR ADM. | 131.205 | 0 | 8.967 | 1.606 | 1.883 | | 128.005 | 0 | **8.748** | 1.567 | 1.837 |
| 71 | | 131.205 | 6.560,25 | 9.449 | 1.606 | 1.883 | | 128.005 | 6.400,25 | **9.219** | 1.567 | 1.837 |
| 72 | | 131.205 | 13.120,50 | 9.934 | 1.606 | 1.883 | | 128.005 | 12.800,50 | **9.692** | 1.567 | 1.837 |
| 73 | | 131.205 | 19.680,75 | 10.421 | 1.606 | 1.883 | | 128.005 | 19.200,75 | **10.167** | 1.567 | 1.837 |
| 74 | | 131.205 | 26.241,00 | 10.783 | 1.606 | 1.883 | | 128.005 | 25.601,00 | **10.520** | 1.567 | 1.837 |
| 75 | | 131.205 | 32.801,25 | 11.268 | 1.606 | 1.883 | | 128.005 | 32.001,25 | **10.993** | 1.567 | 1.837 |
| 80 | TELEFONISTA | 120.528 | 0 | 8.484 | 1.524 | 1.774 | | 117.588 | 0 | **8.277** | 1.487 | 1.731 |
| 81 | | 120.528 | 6.026,40 | 8.967 | 1.524 | 1.774 | | 117.588 | 5.879,40 | **8.748** | 1.487 | 1.731 |
| 82 | | 120.528 | 12.052,80 | 9.331 | 1.524 | 1.774 | | 117.588 | 11.758,80 | **9.103** | 1.487 | 1.731 |
| 83 | | 120.528 | 18.079,20 | 9.815 | 1.524 | 1.774 | | 117.588 | 17.638,20 | **9.576** | 1.487 | 1.731 |
| 84 | | 120.528 | 24.105,60 | 10.177 | 1.524 | 1.774 | | 117.588 | 23.517,60 | **9.929** | 1.487 | 1.731 |
| 85 | | 120.528 | 30.132,00 | 10.663 | 1.524 | 1.774 | | 117.588 | 29.397,00 | **10.403** | 1.487 | 1.731 |
| 200 | DELINEANTE 3ª | 135.386 | 0 | 9.410 | 1.692 | 1.965 | | 132.084 | 0 | **9.180** | 1.651 | 1.917 |
| 201 | | 135.386 | 6.769,30 | 9.879 | 1.692 | 1.965 | | 132.084 | 6.604,20 | **9.638** | 1.651 | 1.917 |
| 202 | | 135.386 | 13.538,60 | 10.345 | 1.692 | 1.965 | | 132.084 | 13.208,40 | **10.093** | 1.651 | 1.917 |
| 203 | | 135.386 | 20.307,90 | 10.815 | 1.692 | 1.965 | | 132.084 | 19.812,60 | **10.551** | 1.651 | 1.917 |
| 204 | | 135.386 | 27.077,20 | 11.286 | 1.692 | 1.965 | | 132.084 | 26.416,80 | **11.011** | 1.651 | 1.917 |
| 205 | | 135.386 | 33.846,50 | 11.758 | 1.692 | 1.965 | | 132.084 | 33.021,00 | **11.471** | 1.651 | 1.917 |
| 190 | DELINEANTE 2ª | 143.409 | 0 | 9.958 | 1.774 | 2.074 | | 139.911 | 0 | **9.715** | 1.731 | 2.023 |
| 191 | | 143.409 | 7.170,45 | 10.461 | 1.774 | 2.074 | | 139.911 | 6.995,55 | **10.206** | 1.731 | 2.023 |
| 192 | | 143.409 | 14.340,90 | 10.953 | 1.774 | 2.074 | | 139.911 | 13.991,10 | **10.686** | 1.731 | 2.023 |
| 193 | | 143.409 | 21.511,35 | 11.452 | 1.774 | 2.074 | | 139.911 | 20.986,65 | **11.173** | 1.731 | 2.023 |
| 194 | | 143.409 | 28.681,80 | 11.955 | 1.774 | 2.074 | | 139.911 | 27.982,20 | **11.663** | 1.731 | 2.023 |
| 195 | | 143.409 | 35.852,25 | 12.453 | 1.774 | 2.074 | | 139.911 | 34.977,75 | **12.149** | 1.731 | 2.023 |
| 180 | DELINEANTE 1ª | 151.685 | 0 | 10.642 | 1.907 | 2.231 | | 147.985 | 0 | **10.382** | 1.860 | 2.177 |
| 181 | | 151.685 | 7.584,25 | 11.179 | 1.907 | 2.231 | | 147.985 | 7.399,25 | **10.906** | 1.860 | 2.177 |
| 182 | | 151.685 | 15.168,50 | 11.704 | 1.907 | 2.231 | | 147.985 | 14.798,50 | **11.419** | 1.860 | 2.177 |
| 183 | | 151.685 | 22.752,75 | 12.234 | 1.907 | 2.231 | | 147.985 | 22.197,75 | **11.936** | 1.860 | 2.177 |
| 184 | | 151.685 | 30.337,00 | 12.776 | 1.907 | 2.231 | | 147.985 | 29.597,00 | **12.464** | 1.860 | 2.177 |
| 185 | | 151.685 | 37.921,25 | 13.307 | 1.907 | 2.231 | | 147.985 | 36.996,25 | **12.982** | 1.860 | 2.177 |
| 210 | MESTRE ENCARG. | 170.847 | 0 | 12.289 | 2.206 | 2.576 | | 166.680 | 0 | **11.989** | 2.152 | 2.513 |
| 211 | | 170.847 | 8.542,35 | 12.897 | 2.206 | 2.576 | | 166.680 | 8.334,00 | **12.582** | 2.152 | 2.513 |
| 212 | | 170.847 | 17.084,70 | 13.512 | 2.206 | 2.576 | | 166.680 | 16.668,00 | **13.182** | 2.152 | 2.513 |
| 213 | | 170.847 | 25.627,05 | 14.125 | 2.206 | 2.576 | | 166.680 | 25.002,00 | **13.780** | 2.152 | 2.513 |
| 214 | | 170.847 | 34.169,40 | 14.741 | 2.206 | 2.576 | | 166.680 | 33.336,00 | **14.381** | 2.152 | 2.513 |
| 215 | | 170.847 | 42.711,75 | 15.360 | 2.206 | 2.576 | | 166.680 | 41.670,00 | **14.985** | 2.152 | 2.513 |
| 110 | ENCARGADO SECC. | 162.546 | 0 | 11.521 | 2.064 | 2.394 | | 158.581 | 0 | **11.240** | 2.014 | 2.336 |
| 111 | | 162.546 | 8.127,30 | 12.097 | 2.064 | 2.394 | | 158.581 | 7.929,05 | **11.802** | 2.014 | 2.336 |
| 112 | | 162.546 | 16.254,60 | 12.672 | 2.064 | 2.394 | | 158.581 | 15.858,10 | **12.363** | 2.014 | 2.336 |
| 113 | | 162.546 | 24.381,90 | 13.255 | 2.064 | 2.394 | | 158.581 | 23.787,15 | **12.932** | 2.014 | 2.336 |
| 114 | | 162.546 | 32.509,20 | 13.828 | 2.064 | 2.394 | | 158.581 | 31.716,20 | **13.491** | 2.014 | 2.336 |
| 115 | | 162.546 | 40.636,50 | 14.401 | 2.064 | 2.394 | | 158.581 | 39.645,25 | **14.050** | 2.014 | 2.336 |
| 140 | TITULADO MEDIO | 171.141 | 0 | 12.289 | 2.206 | 2.576 | | 166.967 | 0 | **11.989** | 2.152 | 2.513 |
| 141 | | 171.141 | 8.557,05 | 12.897 | 2.206 | 2.576 | | 166.967 | 8.348,35 | **12.582** | 2.152 | 2.513 |
| 142 | | 171.141 | 17.114,10 | 13.512 | 2.206 | 2.576 | | 166.967 | 16.696,70 | **13.182** | 2.152 | 2.513 |
| 143 | | 171.141 | 25.671,15 | 14.125 | 2.206 | 2.576 | | 166.967 | 25.045,05 | **13.780** | 2.152 | 2.513 |
| 144 | | 171.141 | 34.228,20 | 14.741 | 2.206 | 2.576 | | 166.967 | 33.393,40 | **14.381** | 2.152 | 2.513 |
| 145 | | 171.141 | 42.785,25 | 15.360 | 2.206 | 2.576 | | 166.967 | 41.741,75 | **14.985** | 2.152 | 2.513 |
| 130 | TITULADO SUPERIOR | 222.243 | 0 | 16.599 | 2.206 | 2.576 | | 216.822 | 0 | **16.194** | 2.152 | 2.513 |
| 131 | | 222.243 | 11.112,15 | 17.429 | 2.206 | 2.576 | | 216.822 | 10.841,10 | **17.004** | 2.152 | 2.513 |
| 132 | | 222.243 | 22.224,30 | 18.255 | 2.206 | 2.576 | | 216.822 | 21.682,20 | **17.810** | 2.152 | 2.513 |
| 133 | | 222.243 | 33.336,45 | 19.086 | 2.206 | 2.576 | | 216.822 | 32.523,30 | **18.620** | 2.152 | 2.513 |
| 134 | | 222.243 | 44.448,60 | 19.913 | 2.206 | 2.576 | | 216.822 | 43.364,40 | **19.427** | 2.152 | 2.513 |
| 135 | | 222.243 | 55.560,75 | 20.753 | 2.206 | 2.576 | | 216.822 | 54.205,50 | **20.247** | 2.152 | 2.513 |

| CAT. | CATEG. | Q | RU 1 ano 2001 1hora-RU1 | RU 1 ano 2001 Comp./Vac. | RU 2 ano 2001 1hora-RU2 | RU 2 ano 2001 Comp./Vac. | Para RU 1 Cálculo por día e ano 1día=8 h. | Para RU 1 Cálculo por día e ano 221 días | Para RU 2 Cálculo por día e ano 1día=8 h. | Para RU 2 Cálculo por día e ano 221 días |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 22 | PORTº/SERENO | 0 | **22,858** | 5.490 | **45,716** | 10.980 | 183 | 40.443 | 366 | 80.886 |
| 22 | " | 1 | **23,524** | 5.640 | **47,048** | 11.280 | 188 | 41.548 | 376 | 83.096 |
| 22 | " | 2 | **24,979** | 6.000 | **49,958** | 12.000 | 200 | 44.200 | 400 | 88.400 |
| 22 | " | 3 | **26,445** | 6.360 | **52,890** | 12.690 | 212 | 46.852 | 423 | 93.483 |
| 22 | " | 4 | **26,978** | 6.480 | **53,956** | 12.960 | 216 | 47.736 | 432 | 95.472 |
| 22 | " | 5 | **28,167** | 6.750 | **56,334** | 13.530 | 225 | 49.725 | 451 | 99.671 |
| | | | | | | | | | | |
| 23 | ALMACENEIRO | 0 | **23,524** | 5.640 | **47,048** | 11.280 | 188 | 41.548 | 376 | 83.096 |
| 23 | " | 1 | **25,113** | 6.030 | **50,226** | 12.060 | 201 | 44.421 | 402 | 88.842 |
| 23 | " | 2 | **26,578** | 6.390 | **53,156** | 12.750 | 213 | 47.073 | 425 | 93.925 |
| 23 | " | 3 | **27,368** | 6.570 | **54,736** | 13.140 | 219 | 48.399 | 438 | 96.798 |
| 23 | " | 4 | **28,700** | 6.900 | **57,400** | 13.770 | 230 | 50.830 | 459 | 101.439 |
| 23 | " | 5 | **30,432** | 7.290 | **60,864** | 14.610 | 243 | 53.703 | 487 | 107.627 |
| | | | | | | | | | | |
| 24 | OFICIAL 1ª | 0 | **27,368** | 6.570 | **54,736** | 13.140 | 219 | 48.399 | 438 | 96.798 |
| 24 | " | 1 | **29,500** | 7.080 | **59,000** | 14.160 | 236 | 52.156 | 472 | 104.312 |
| 24 | " | 2 | **30,699** | 7.380 | **61,398** | 14.730 | 246 | 54.366 | 491 | 108.511 |
| 24 | " | 3 | **31,765** | 7.620 | **63,530** | 15.240 | 254 | 56.134 | 508 | 112.268 |
| 24 | " | 4 | **33,087** | 7.950 | **66,174** | 15.870 | 265 | 58.565 | 529 | 116.909 |
| 24 | " | 5 | **35,076** | 8.430 | **70,152** | 16.830 | 281 | 62.101 | 561 | 123.981 |
| | | | | | | | | | | |
| 25 | OFICIAL 2ª | 0 | **26,578** | 6.390 | **53,156** | 12.750 | 213 | 47.073 | 425 | 93.925 |
| 25 | " | 1 | **27,368** | 6.570 | **54,736** | 13.140 | 219 | 48.399 | 438 | 96.798 |
| 25 | " | 2 | **29,233** | 7.020 | **58,466** | 14.040 | 234 | 51.714 | 468 | 103.428 |
| 25 | " | 3 | **30,555** | 7.320 | **61,110** | 14.670 | 244 | 53.924 | 489 | 108.069 |
| 25 | " | 4 | **31,765** | 7.620 | **63,530** | 15.240 | 254 | 56.134 | 508 | 112.268 |
| 25 | " | 5 | **33,087** | 7.950 | **66,174** | 15.870 | 265 | 58.565 | 529 | 116.909 |
| | | | | | | | | | | |
| 26 | OFICIAL 3ª | 0 | **23,524** | 5.640 | **47,048** | 11.280 | 188 | 41.548 | 376 | 83.096 |
| 26 | " | 1 | **25,113** | 6.030 | **50,226** | 12.060 | 201 | 44.421 | 402 | 88.842 |
| 26 | " | 2 | **26,578** | 6.390 | **53,156** | 12.750 | 213 | 47.073 | 425 | 93.925 |
| 26 | " | 3 | **27,368** | 6.570 | **54,736** | 13.140 | 219 | 48.399 | 438 | 96.798 |
| 26 | " | 4 | **28,700** | 6.900 | **57,400** | 13.770 | 230 | 50.830 | 459 | 101.439 |
| 26 | " | 5 | **30,432** | 7.290 | **60,864** | 14.610 | 243 | 53.703 | 487 | 107.627 |
| | | | | | | | | | | |
| 27 | ESPTA. 1ª | 0 | **22,858** | 5.490 | **45,716** | 10.980 | 183 | 40.443 | 366 | 80.886 |
| 27 | " | 1 | **23,524** | 5.640 | **47,048** | 11.280 | 188 | 41.548 | 376 | 83.096 |
| 27 | " | 2 | **24,979** | 6.000 | **49,958** | 12.000 | 200 | 44.200 | 400 | 88.400 |
| 27 | " | 3 | **26,445** | 6.360 | **52,890** | 12.690 | 212 | 46.852 | 423 | 93.483 |
| 27 | " | 4 | **26,978** | 6.480 | **53,956** | 12.960 | 216 | 47.736 | 432 | 95.472 |
| 27 | " | 5 | **28,167** | 6.750 | **56,334** | 13.530 | 225 | 49.725 | 451 | 99.671 |
| | | | | | | | | | | 0 |
| 28 | ESPTA. 2ª | 0 | **21,658** | 5.190 | **43,316** | 10.410 | 173 | 38.233 | 347 | 76.687 |
| 28 | " | 1 | **23,257** | 5.580 | **46,514** | 11.160 | 186 | 41.106 | 372 | 82.212 |
| 28 | " | 2 | **24,856** | 5.970 | **49,712** | 11.940 | 199 | 43.979 | 398 | 87.958 |
| 28 | " | 3 | **25,379** | 6.090 | **50,758** | 12.180 | 203 | 44.863 | 406 | 89.726 |
| 28 | " | 4 | **26,712** | 6.420 | **53,424** | 12.810 | 214 | 47.294 | 427 | 94.367 |
| 28 | " | 5 | **27,368** | 6.570 | **54,736** | 13.140 | 219 | 48.399 | 438 | 96.798 |
| | | | | | | | | | | |
| 29 | PEÓN | 0 | **21,525** | 5.160 | **43,050** | 10.320 | 172 | 38.012 | 344 | 76.024 |
| 29 | " | 1 | **23,114** | 5.550 | **46,228** | 11.100 | 185 | 40.885 | 370 | 81.770 |
| 29 | " | 2 | **23,524** | 5.640 | **47,048** | 11.280 | 188 | 41.548 | 376 | 83.096 |
| 29 | " | 3 | **25,113** | 6.030 | **50,226** | 12.060 | 201 | 44.421 | 402 | 88.842 |
| 29 | " | 4 | **26,445** | 6.360 | **52,890** | 12.690 | 212 | 46.852 | 423 | 93.483 |
| 29 | " | 5 | **27,245** | 6.540 | **54,490** | 13.080 | 218 | 48.178 | 436 | 96.356 |

Táboa salarial para ruídos 2001
Persoal de mes

| CAT. | CATEG. | Q | R1 2001 1mes | Cálculo a 1 ano | R2 2001 1mes | Cálculo a 1 ano |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 32 | XEFE 1ª | 2 | 6.119 | 73.431 | | |
| 33 | " | 3 | 6.395 | 76.740 | | |
| 34 | " | 4 | 6.671 | 80.048 | | |
| 35 | " | 5 | 6.956 | 83.468 | | |
| | | | | | | |
| 51 | OF. ADM. 1ª | 1 | 4.911 | 58.929 | | |
| 52 | " | 2 | 5.118 | 61.414 | | |
| 53 | " | 3 | 5.295 | 63.542 | | |
| 54 | " | 4 | 5.533 | 66.395 | | |
| 55 | " | 5 | 5.858 | 70.295 | | |
| | | | | | | |
| 114 | ENC. SECCIÓN | 4 | 6.262 | 75.141 | 12.523 | 150.281 |
| 115 | " | 5 | 6.523 | 78.277 | 13.046 | 156.554 |
| | | | | | | |
| 132 | TITULADO SUP. | 2 | 8.271 | 99.249 | | |
| 133 | " | 3 | 8.644 | 103.726 | | |
| 134 | " | 4 | 9.020 | 108.240 | | |
| 135 | " | 5 | 9.391 | 112.693 | | |
| | | | | | | |
| 142 | TITULADO MED. | 2 | 6.119 | 73.431 | | |
| 143 | " | 3 | 6.395 | 76.740 | | |
| 144 | " | 4 | 6.671 | 80.048 | | |
| 145 | " | 5 | 6.956 | 83.468 | 13.911 | 166.936 |
| | | | | | | |
| 185 | DELINEANTE 1 | 5 | 6.026 | 72.312 | | |

## INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

*Resolución do 23 de febreiro de 2001 pola que se fai pública a concesión de tres bolsas de formación na área da estatística pública, convocadas por Resolución do 30 de outubro de 2000 (*Diario Oficial de Galicia *número 229, do 27 de novembro).*

Para dar cumprimiento ó establecido na base 11ª da Resolución do 30 de outubro de 2000 (DOG nº 229, do 27 de novembro) e de conformidade co

artigo 60 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, esta dirección

*RESOLVE:*

Facer pública a concesión de tres bolsas de formación nos termos que seguen:

Licenciatura de Matemáticas:

-Mosquera Rodríguez, Manuel Alfredo.

Licenciatura de Económicas:

-Teijeiro Campo, Mª Trinidad.

-Estévez González, Mª del Carmen.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2001.

José Antonio Campo Andión
Director do Instituto Galego de Estatística

# IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

## CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Orde do 5 de marzo de 2001 pola que se resolve convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería da Presidencia e Administración Pública.*

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería da Presidencia e Administración Pública, por Orde do 24 de xaneiro de 2001 (DOG nº 26, do 6 de febreiro), en uso das facultades e atribucións conferidas no artigo 15.4º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e de conformidade co disposto no artigo 27.2º da referida lei, esta consellería dispón resolve-la citada convocatoria de acordo cos seguintes apartados:

Primeiro.-Adxudicarlle destino no posto de traballo que se indica ó funcionario que se relaciona no anexo I desta orde.

Segundo.-O cesamento no destino actual do funcionario que obtivo praza producirase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ó da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia.*

O prazo para a toma de posesión do novo destino será de tres días a partir do seguinte ó do cesamento, de tratarse da mesma localidade onde actualmente o funcionario preste servicios, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e co disposto na base sétima da convocatoria.

Terceiro.-A xefatura do centro no que cause baixa o funcionario, así como daquel no que obteña praza, consignará no título administrativo, dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión das que se lle dará traslado, mediante copia, á Dirección Xeral da Función Pública.

Cuarto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da súa publicación.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2001.

Jaime Pita Varela
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

*ANEXO*

NRP: 36.018.461.35 A2060.

Grupo: A.

Apelidos e nome: Hervello Alonso, Ramón.

Posto de traballo: xefe do Servicio do Parque Móbil.

Nivel: 28.

Código posto: PR.C02.00.004.15770.024.

Centro directivo: secretaría xeral.

Localidade: Santiago de Compostela.

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Corrección de erros.-Orde do 8 de marzo de 2001 pola que se convoca concurso-oposición para ingreso no corpo de mestres en expectativa de ingreso na Comunidade Autónoma, así como a adquisición de novas especialidades.*

Advertidos erros na devandita orde, publicada no DOG nº 50, do luns, 12 de marzo de 2001, cómpre face-la oportuna corrección:

-No anexo III, na columna correspondente a epígrafe, nos puntos 2.2, 2.3, 4.1, 4.2,1, 4.2.2 onde di: «puntos 5», debe dicir: «puntos 0,5».

## CONSELLERÍA DE FAMILIA E PROMOCIÓN DO EMPREGO, MULLER E XUVENTUDE

*Orde do 13 de marzo de 2001 pola que se convoca a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.*

De conformidade co establecido no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 15.4º da mesma lei, esta consellería

*DISPÓN:*

Primeiro.-Anuncia-la convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I.

Segundo.-Poderán concorrer a el os funcionarios de carreira que reúnan as condicións sinaladas no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude (edificio administrativo de San Caetano, s/n, Santiago de Compostela), nas súas delegacións provinciais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días, contados a partir do seguinte ó da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe no anexo II.

Cuarto.-Os aspirantes deberán unirlle á petición un currículum vitae e xustificar mediante certificación ou copia compulsada os méritos que aleguen.

Quinto.-Esta convocatoria será resolta pola Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. No caso de que resulte seleccionado para ocupa-lo posto de traballo que se anuncia no anexo I desta orde un funcionario con destino na Administración xeral do Estado, nos seus organismos autónomos, na Administración da Seguridade Social, ou que estea nesta Comunidade Autónoma como consecuencia dunha comisión de servicios concedida conforme o disposto na disposición transitoria oitava, punto 4º, da Lei 30/1984, do 2 de agosto, requirirase informe favorable da Administración de orixe que, de non emitirse no prazo de 15 días e tal como dispón o artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, se considerará favorable. Unha vez tramitado o seu traslado a esta Comunidade Autónoma, procederase á adxudicación do posto para o que foi seleccionado.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no DOG, e poderá declararse deserto o posto de traballo, de considerarse oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días, se o destino anterior está na mesma localidade do novo destino, e dun mes, se está en localidade distinta ou comporta o reingreso ó servicio activo.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ó do cesamento, que deberá producirse dentro dos tres días seguintes ó da publicación no DOG, ou desde a data na que se comunique a resolución do traslado á Comunidade Autónoma, para o caso de funcionarios doutras administracións públicas.

Se a resolución comporta o reingreso ó servicio activo, o prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ó da publicación da resolución no DOG.

Oitavo.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante esta conselleira, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugnala directamente perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2001.

Manuela López Besteiro
Conselleira de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

*ANEXO I*

Denominación do posto: subdirector/a xeral das Cualificacións.

Código: FA.C04.00.003.15770.001.

Nivel: 30.

Complemento específico: 2.410.548.

Grupo: A.

Corpo/escala: xeral.

Formación específica: diploma de directivo

Dependencia: Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Localidade: Santiago de Compostela.

# *ANEXO II*

**MODELO DE SOLICITUDE**

DATOS PERSOAIS

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Primeiro apelido | | Segundo apelido | Nome | |
| DNI | Data de nacemento | Corpo ou escala á que pertence | Grupo | Nº de R. P. |
| Domicilio, rúa e nº | | Provincia | Localidade | Teléfono |
| DESTINO ACTUAL | | | | |
| Consellería | | Dependencia | Localidade | |

SOLICITO: ser admitido/a na convocatoria para prover postos de traballo polo sistema de libre designación, anunciada pola orde ........................................, ó considerar que reúno os requisitos esixidos para tomar parte, para o posto de traballo que se indica:

| Designación do posto de traballo | Nivel C. destino | Centro directivo ou unidade de que depende | Localidade |
|---|---|---|---|
| | | | |

Tempo de servicios prestados

| No corpo actual | Anos | Meses | Días |
|---|---|---|---|
| | | | |

| Noutros corpos | Anos | Meses | Días |
|---|---|---|---|
| . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . | | | |
| . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . | | | |
| . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . | | | |
| No actual posto de traballo | | | |

| Outros destinos anteriores | Anos | Meses | Días |
|---|---|---|---|
| | | | |

Títulos académicos

. . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . .

. . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . .

. . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . .

. . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . .

| Coñecemento da lingua galega | Fala | Escribe | Entende |
|---|---|---|---|
| | | | |

Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria

. . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . .

. . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . .

. . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . .

. . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . .

Outros méritos que o/a candidato/a desexe facer constar:

. . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . .

. . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . .

. . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . .

(Lugar, data e sinatura)

Conselleira de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

## CENTRO INFORMÁTICO PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO-FINANCEIRA E CONTABLE

*Resolución do 6 de marzo de 2001 pola que se eleva a definitiva a proposta de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo de analistas-programadores do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable.*

De conformidade co disposto nas bases 6 e 7 da convocatoria das probas selectivas para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo de analistas-programadores do CIXTEC, convocada por Resolución do 26 de maio de 2000 (DOG do 20 de xuño), elévase a definitiva a proposta do tribunal dos aspirantes que superaron o proceso selectivo da categoría de analistas-programadores, que figura no anexo da presente resolución.

Os aspirantes que constan no citado anexo deberán presentar, no prazo de 15 días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, no CIXTEC, a documentación á que se refire a base 7.1 da convocatoria.

Contra a presente resolución os interesados poderán interpoñer recurso de reposición potestativo no prazo dun mes a partir da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ante o mesmo órgano que dicta o acto e ademais recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2001.

Gonzalo Gómez Montaña
Director xeral do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable

*ANEXO*

Lista de aspirantes que superaron o proceso selectivo de persoal laboral fixo de analistas-programadores do CIXTEC:

| Nome e apelidos | DNI | Nota 1º exer. | Nota 2º exer. | Nota 3º exer. | Nota 4º exer. | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Lois Bravo Marcos | 34.997.534 | 8,25 | 8,73 | 4,85 | 4,85 | 26,68 |
| Yáñez García Cristobal Elías | 32.661.503 | 7,75 | 8,33 | 4,85 | 4,55 | 25,48 |
| Pensado Moure Javier Ángel | 33.259.898 | 7,75 | 7,33 | 4,9 | 4,7 | 24,68 |
| Moratinos García Iván | 33.319.367 | 6 | 8,6 | 4,75 | 4,85 | 24,2 |
| Taboada Penas Miguel | 32.830.165 | 7,75 | 7,67 | 4,35 | 4,4 | 24,17 |
| Portabales Dobaño Ricardo | 33.279.148 | 6,63 | 9 | 4,05 | 4,1 | 23,78 |

*Resolución do 6 de marzo de 2001 pola que se eleva a definitiva a proposta de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo de programadores do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable.*

De conformidade co disposto nas bases 6 e 7 da convocatoria das probas selectivas para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo de programadores do CIXTEC, convocada por Resolución do 25 de maio de 2000 (DOG do 20 de xuño), elévase a definitiva a proposta do tribunal dos aspirantes que superaron o proceso selectivo da categoría de programadores, que figura no anexo da presente resolución.

Os aspirantes que constan no citado anexo deberán presentar, no prazo de 15 días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, no CIXTEC, a documentación á que se refire a base 7.1 da convocatoria.

Contra a presente resolución os interesados poderán interpoñer recurso de reposición potestativo no prazo dun mes a partir da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ante o mesmo órgano que dicta o acto e ademais recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2001.

Gonzalo Gómez Montaña
Director xeral do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable

*ANEXO*

Lista definitiva de aspirantes que superaron o proceso selectivo de persoal laboral fixo de programadores do CIXTEC:

| Nome e apelidos | DNI | Nota 1º exer. | Nota 2º exer. | Nota 3º exer. | Nota 4º exer. | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Barreiro Novoa José | 43.048.929 | 6,5 | 8,5 | 5 | 4,5 | 24,5 |
| Martínez Basoa Roberto | 76.406.999 | 6,17 | 8 | 5 | 4,9 | 24,07 |
| García Araújo Rafael José | 52.471.620 | 7,33 | 6,5 | 4,85 | 4,9 | 23,58 |

## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

*Resolución do 1 de marzo de 2001 pola que se nomea catedrático de escola universitaria da área de coñecemento de enxeñería eléctrica do departamento de Enxeñería Industrial, a Ramón Guillermo Borrás Formoso (praza 00/012).*

De conformidade coa proposta elevada pola comisión designada para xulga-lo concurso convocado por resolución desta universidade do 24 de marzo de 2000 (BOE do 18 de abril), para a provisión da praza 00/012 de catedrático de escola univer-

sitaria da área de coñecemento de enxeñería eléctrica, do departamento de Enxeñería Industrial desta universidade, a favor de Ramón Guillermo Borrás Formoso, e unha vez acreditados polo interesado os requisitos a que alude o punto 2º do artigo 5 do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro,

Este rectorado, no uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Ramón Guillermo Borrás Formoso, catedrático de escola universitaria da área de coñecemento de enxeñería eléctrica, do departamento de Enxeñería Industrial desta universidade.

A Coruña, 1 de marzo de 2001.

José Luis Meilán Gil
Rector

# VI. ANUNCIOS

## a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

*Resolución do 27 de setembro de 2000, da Dirección Xeral de Urbanismo, de aprobación definitiva do proxecto de expropiación forzosa, polo procedemento de taxación conxunta, dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras de urbanización dos accesos ó centro sanitario* Policlínico Lucense, S.A. *(Polusa), no concello de Lugo.*

Antecedentes.

1. O Concello de Lugo remitiu o expediente de expropiación forzosa, polo procedemento de taxación conxunta, dos bens e dereitos afectados pola execución das obras de urbanización dos accesos ó centro sanitario *Policlínico Lucense, S.A.* (Polusa) no concello de Lugo, de conformidade co disposto polo artigo 145 da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia (LSG), tramitado por instancia de Polusa promotora del e beneficiaria da expropiación.

2. O Concello de Lugo, con data do 9 de decembro de 1999, acordou aprobar inicialmente o proxecto de taxación conxunta e sometelo a información pública polo prazo dun mes, anunciándose no xornal *El Progreso* con data do 29 de xaneiro de 2000 e no DOG nº 45, don data do 6 de marzo de 2000.

3. A taxación foi notificada individualmente ós que aparecían como titulares de bens e dereitos no expediente, dándolles traslado literal da correspondente folla de valoración e da proposta de fixación dos criterios de valoración, para que formulasen alegacións no prazo dun mes, contado a partir da data de notificación, tal e como sinala o artigo 145.4º da Lei do solo de Galicia.

4. O Concello de Lugo emitiu informe individualizado sobre cada unha das alegacións presentadas polos interesados, de conformidade co artigo 145.6º da Lei do solo de Galicia, e remitiu o expediente de expropiación forzosa a esta consellería para a súa aprobación definitiva.

Fundamentos xurídicos.

Primeiro.-O proxecto de expropiación forzosa tramitouse polo procedemento de taxación conxunta de conformidade co disposto no artigo 145 da Lei do solo de Galicia.

Segundo.-O proxecto de expropiación abarca a superficie correspondente ós terreos precisos para o remate da beirarrúa da vía de acceso ó centro sanitario *Policlínico Lucense, S.A.* recollido no Plan xeral de ordenación urbana de Lugo, co obxecto de completa-la execución das obras de urbanización del, ó abeiro do artigo 124.3º da LSG.

En virtude do disposto polos artigos 33 da Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións, e o artigo 54, en relación cos 124 e 145 da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia, a dita aprobación implica a declaración de utilidade pública das obras e a necesidade de ocupación dos terreos incluídos no ámbito dos polígonos, resultando lexitimada a expropiación proposta.

Terceiro.-O expediente tramitado conta coa documentación preceptiva esixida polo artigo 145.1º da lei 1/1997, do solo de Galicia:

-Determinación do seu ámbito territorial, cos documentos que o identifican en canto a situación, superficie e lindeiros.

-Fixación de prezos coa valoración razoada do solo, segundo a súa cualificación urbanística.

-Follas de prezo xusto individualizado de cada predio.

-Follas de prezo xusto que corresponden a outras indemnizacións, se é o caso.

Cuarto.-Os criterios de valoración fixados no proxecto de expropiación axústanse ós establecidos polos artigos 23 e seguintes da Lei 6/1998, sobre réxime do solo e valoracións.

Quinto.-A competencia para aproba-lo expediente de expropiación forzosa, polo procedemento de taxación conxunta, correspóndelle por delegación ó director xeral de Urbanismo, de acordo co artigo 1 da Orde do 30 de decembro de 1999, do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (DOG do 10 de xaneiro de 2000), pola que se delegan atribucións en materia de urbanismo.

Na súa virtude, vista a Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia, a Lei 6/1998, do 13 de abril,

sobre réxime do solo e valoracións, e as demais disposicións aplicables,

*RESOLVO:*

Primeiro.-Aprobar definitivamente o proxecto de expropiación forzosa, polo procedemento de taxación conxunta, dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras de urbanización dos accesos ó centro sanitario *Policlínico Lucense, S.A.* (Polusa), no concello de Lugo, para os efectos previstos polos artigos 145 e 146 da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia.

Esta aprobación definitiva do expediente de taxación conxunta implicará a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de expropiación, de conformidade co establecido no artigo 146.1º da Lei do solo de Galicia.

En consecuencia, o pagamento ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, sen prexuízo de que continúe a tramitación do procedemento para a definitiva fixación do prezo xusto (artigo 146.2º da Lei do solo de Galicia).

Segundo.-Notificalle o contido desta resolución aprobatoria do expediente ó Concello de Lugo, ó *Policlínico Lucense, S.A.* (Polusa), e, de xeito individualizado, a tódolos que aparezan como titulares de bens ou dereitos afectados que figuran no expediente, ós que se lles xuntará a correspondente folla de valoración, conferíndolles un prazo de vinte días durante o cal poderán manifestar por escrito ante esta Dirección Xeral de Urbanismo a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado, conforme dispón o artigo 145.7º da Lei do solo de Galicia, advertíndolles que, transcorrido o citado prazo de vinte días sen que se formule oposición á valoración, se entenderá aceptada a que se fixou no acto aprobatorio do expediente, entendéndose determinado o prezo xusto definitivamente e de conformidade (artigo 145.8º da Lei do solo de Galicia).

Terceiro.-Publicar esta resolución así como a seguinte relación dos bens e dereitos afectados pola expropiación no *Diario Oficial de Galicia* e no taboleiro de edictos do concello:

Predio: 1.

Titulares: José Armesto López.

Bens que se van expropiar: solo: 52 $m^2$.

Valoración: 370.843 ptas.

Así mesmo, a publicación e exposición no taboleiro de edictos do concello servirá de notificación ós propietarios descoñecidos, a aqueles dos que se ignore o lugar de notificación, ou ben, tramitada a notificación, non se puidese realizar. Todo isto de acordo co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución (artigo 116 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro), ou recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da notificación (artigo 46.1º da Lei 29/1998, da xurisdicción contencioso-administrativa). Para o caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñe-lo recurso contencioso-administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que, no caso de desconformidade coa valoración establecida, os interesados dispoñen dun prazo de vinte días para manifesta-la súa desconformidade como se indicou no punto 2 desta resolución, nos termos establecidos polo artigo 145.8º da Lei do solo de Galicia.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2000.

José Jesús Cudeiro Mazaira
Director xeral de Urbanismo

*Resolución do 14 de marzo de 2001 pola que se anuncia a licitación do concurso, polo procedemento aberto, de asistencia técnica para a realización dos proxectos básicos e informes xeotécnicos da estación de autobuses de Sada (A Coruña) e nove estacións máis.*

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

b) Dependencia que tramita o expediente: Dirección Xeral de Transportes.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: asistencia técnica para a realización dos proxectos básicos e informes xeotécnicos da estación de autobuses de Sada (A Coruña) e nove estacións máis.

b) Prazo de execución: seis (6) meses.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

4. Orzamento base de licitación.

Importe máximo autorizado 26.850.000 pesetas (161.371,75 euros), IVE incluído.

5. Garantías.

Provisional: 537.000 ptas. (3.227,45 euros).

6. Obtención de documentación e información.

Os pregos de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas particulares que rexen a contratación poderán recollerse en:

a) Entidade: nas delegacións provinciais da CPTOPV. Na Dirección Xeral de Transportes.

b) Enderezo: praza de Europa, 5-A (2ª planta).

c) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15707.

d) Teléfono: 981 54 45 94.

e) Telefax: 981 54 43 51.

f) Data límite de obtención de documentos e información: ata o día de finalización do prazo de presentación de ofertas.

7. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación: non é necesaria.

b) Outros requisitos:

A solvencia económica e financeira acreditarase mediante informe dunha institución financeira, precisamente referido ó traballo obxecto de licitación.

A solvencia técnica ou profesional xustificarase mediante os seguintes extremos: 1º Copias autenticadas das titulacións do persoal do equipo redactor do estudio, especificado no punto 6 (consultor, equipo, medios e oficina) do prego de prescricións técnicas. 2º Declaración xurada do empresario na que consten os principais servicios ou traballos realizados nos tres últimos anos, que inclúan importe, datas e beneficiarios públicos ou privados deles.

8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Prazo: o prazo de admisión das proposicións terminará ás catorce horas do décimo quinto día natural, que non coincida en sábado, domingo ou festivo, seguinte ó da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Documentación que integrará as ofertas: véxase o prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: no rexistro xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, ou enviar por correo dentro do prazo de admisión sinalado conforme o disposto no artigo 100 do Regulamento xeral de contratación do Estado.

Domicilio: r/ San Caetano, s/n.

Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15071.

9. Apertura de ofertas.

a) Entidade: Dirección Xeral de Transportes.

b) Domicilio: praza de Europa, 5-A (2ª planta).

c) Localidade: Santiago de Compostela.

d) Data: quinto día natural, que non coincida en sábado, domingo ou festivo, seguinte á data de terminación do prazo de presentación de proposicións.

e) Hora: ás doce horas.

10. Outras informacións.

A proposición económica formularase estrictamente conforme o modelo que se xunta no anexo do prego de cláusulas administrativas particulares.

11. Gastos de anuncios.

Por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2001.

P.D. (Orde 13-12-1993, DOG do 21 de decembro)
José Antonio Fernández Vázquez
Secretario xeral da Consellería de Política
Territorial, Obras Públicas e Vivenda

## CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO

*Resolución do 9 de febreiro de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 01/42-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: García Barbón 38, 36201 Vigo.

Denominación: reforma L.M.T. Hospital do Salnés-Rubiáns.

Situación: Caldas de Reis, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.

Características técnicas: L.M.T., aérea, a 20 kV, de 30 m de lonxitude, con conductor tipo LA-56, desde un apoio s/n da L.M.T. existente ó C.T. Sopigal, ata o C.T. que se proxecta en Rubiáns. L.M.T., subterránea, a 20 kV, de 175 m de lonxitude, con conductor tipo R.H.Z., desde a L.M.T. existente ó C.D. Hospital Salnés ata a L.M.T. existente ó C.T. Sopigal. C.T. de 160 kVA, relación de transformación 20 kV-380/220 V, en Rubiáns, concello de Caldas de Reis. Toda a instalación está situada nos concellos de Caldas de Reis, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presenta-las súas alega-

cións nesta delegación provincial, no prazo de vinte días.

Pontevedra, 9 de febreiro de 2001.

Carmen Bianchi Valcarce
Delegada provincial de Pontevedra

*Resolución do 12 de febreiro de 2001, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 00/147-2, 5493 A.T.).*

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a continuación se cita:

Solicitante: *Eléctrica de Valdriz, S.L.*

Domicilio social: r/ Charles Darwin 15 baixo local 9, 15172 Perillo. Oleiros.

Denominación: C.T.I., R.B.T. para subministración enerxía a 25 vivendas.

Situación: Láncara.

Características técnicas: centro de transformación aéreo de 50 kVA e relación de transformación 20.000/380-220 V. Liña de baixa tensión en conductor R.Z. de 384 metros de lonxitude.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e nos capítulos III e IV do Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sobre autorización de instalacións eléctricas, esta delegación provincial resolve:

Autorizar e aproba-lo proxecto de execución das devanditas instalacións, cunhas características que se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Industria e Comercio no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente ó seu dereito.

Lugo, 12 de febreiro de 2001.

Jesús Bendaña Suárez
Delegado provincial de Lugo

*Resolución do 12 de febreiro de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 01/39-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: García Barbón 38, 36201 Vigo.

Denominación: L.M.T. e C.T. rúa Calzada 26.

Situación: Lalín.

Características técnicas: L.M.T., subterránea, a 20 kV, de 114 m de lonxitude, con conductor tipo R.H.Z., desde a L.M.T. ó C.T. existente rúa H ó C.T. rúa E, alimentando en bucle o C.T. que se proxecta na rúa Calzada nº 26, do concello de Lalín, rematando no punto de inicio da liña. C.T. de 400 kVA, relación de transformación 20 kV-380/220 V.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presenta-las súas alegacións nesta delegación provincial, no prazo de vinte días.

Pontevedra, 12 de febreiro de 2001.

Carmen Bianchi Valcarce
Delegada provincial de Pontevedra

*Resolución do 12 de febreiro de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 01/40-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: García Barbón 38, 36201 Vigo.

Denominación: L.M.T. e centro seccionamento As Veigas de Almorzar.

Situación: Caldas de Reis.

Características técnicas: L.M.T., subterránea, a 20 kV, de 360 m de lonxitude, con conductor tipo R.H.Z., desde o apoio 90 da L.M.T. A Canle ata o centro de seccionamento que se proxecta nas Veigas de Almorzar, no concello de Caldas de Reis. Centro de seccionamento con 4 celas de liña CML-SF6.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presenta-las súas alegacións nesta delegación provincial, no prazo de vinte días.

Pontevedra, 12 de febreiro de 2001.

Carmen Bianchi Valcarce
Delegada provincial de Pontevedra

*Resolución do 12 de febreiro de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 01/41-4).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: García Barbón 38, 36201 Vigo.

Denominación: L.M.T. e C.T. r/ Alexandre Bódeda, estación bombeo augas residuais.

Situación: Pontevedra.

Características técnicas: L.M.T., subterránea, a 20 kV, de 25 m de lonxitude, con conductor tipo R.H.V., desde a L.M.T. Caeira, alimentando en bucle ó C.T. que se proxecta na rúa Alexandre Bóveda-estación bombeo augas residuais, no concello de Pontevedra, rematando no punto de inicio da liña. C.T. de 160 kVA, relación de transformación 20 kV-380/220 V.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presenta-las súas alegacións nesta delegación provincial, no prazo de vinte días.

Pontevedra, 12 de febreiro de 2001.

Carmen Bianchi Valcarce
Delegada provincial de Pontevedra

*Resolución do 16 de febreiro de 2001, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 00/100-3).*

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a continuación se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: Sáenz Díez, 45, 32000 Ourense.

Denominación: L.M.T. e C.T. A Pedreira.

Situación: A Pobra de Trives.

Características técnicas: liña aérea a 20 kV, de 28 m de lonxitude, derivada desde o apoio nº 7 da L.M.T. Trives-Guístolas e remata no C.T. proxectado aéreo con 50 kVA, R/T 20.000/380-220 V na Pedreira.

Alegacións: o Concello da Pobra de Trives, organismo afectado pola obra, a través do seu alcalde considera esixible a aportación do estudio de impacto ambiental. Sen embargo, esta delegación considera que non é esixible o estudio de avaliación do impacto A., dadas as características da obra, pois non está dentro de ámbito de aplicación da disposición adicional duodécima da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico (modifica ó Real decreto lexislativo 1302/1986), que esixe 220 kV de tensión e 15.000 m de lonxitude da liña.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e nos capítulos III e IV do Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sobre autorización de instalacións eléctricas, esta delegación provincial resolve:

Autorizar e aproba-lo proxecto de execución das devanditas instalacións, nas que as características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Industria e Comercio no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente ó seu dereito.

Ourense, 16 de febreiro de 2001.

Alfredo Cacharro Pardo
Delegado provincial de Ourense

*Resolución do 15 de marzo de 2001, da Dirección Xeral de Industria, pola que se autoriza administrativamente, se declara de utilidade pública e se aproba o anexo I do proxecto de execución da liña aérea de transporte de enerxía eléctrica a 220 kV, O Mesón do Vento-Vimianzo, apoios 31 e 32, no termo municipal de Cerceda, provincia da Coruña. (Expediente 228/1999).*

Examinado o expediente instruído por pedimento da empresa *Unión Fenosa Distribución, S.A.*, con enderezo para efectos de notificacións na avda. de Arteixo 171; 15007 A Coruña, resultan os seguintes

Antecedentes de feito.

Primeiro.-Con data do 30 de xullo de 1999, a citada empresa solicita a autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución e a declaración de utilidade pública da liña aérea de transporte de enerxía eléctrica a 220 kV. O Mesón do Vento-Vimianzo; achegando a documentación establecida para o efecto polo Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sobre autorización de instalacións eléctricas, e 2619/1966, do 20 de outubro, sobre expropiación forzosa e sancións en materia de instalacións eléctricas, ambos de aplicación a este expediente en vigor, en virtude do disposto na disposición transitoria décimo primeira do Real decreto 1995/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, sub-

ministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, e a relación concreta e individualizada de bens e dereitos afectados pola instalación que determina o artigo 53 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

As características técnicas básicas da instalación son as seguintes:

Liña de alta tensión aérea a 220 kV de 63.320 m, en conductor LA-455-Condor/Duplex cun só circuíto de 454,5 $mm^2$ de sección e cable de fibra óptica/terra OPGW de 64 fibras, con orixe na subestación do Mesón do Vento, e cun percorrido de 2.382 m formando unha liña de dobre circuíto coa liña existente subestación O Mesón do Vento-subestación Santiago II, ata o apoio nº 7; desde aquí ó apoio nº 170, un simple circuíto nunha lonxitude de 58.625 m, e desde o apoio nº 170 ata a subestación de Vimianzo, en dobre circuíto cunha lonxitude de 2.313 m; discorrendo polos municipios de Carral, Mesía, Ordes, Cerceda, A Laracha, Carballo, Coristanco, Cabana de Bergantiños, Zas e Vimianzo.

Segundo.-Detectada unha prohibición no predio nº 191-C e co fin de cumpri-lo esixido no artigo 25 do Decreto 2619/1966 e o artigo 57-a da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, o 20-7-2000 o promotor presenta solicitude a autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución e a declaración de utilidade pública do anexo I do proxecto de execución da liña aérea de transporte de enerxía eléctrica a 220 kV. O Mesón do Vento-Vimianzo, apoios 31 e 32, no termo municipal de Cerceda (A Coruña); presenta o preceptivo proxecto de instalacións a que fan referencia os artigos 8 e 12 do Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sobre autorización de instalacións eléctricas e a relación concreta e individualizada de bens e dereitos afectados pola instalación que determina o artigo 53 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

As características técnicas básicas da instalación consisten en introducir no vano de 475 m de lonxitude, entre os apoios nº 31 e 32, un terceiro apoio nº 31 bis, quedando repartido en dous vanos de 245 m e 230 m cun cambio de traza da liña nestes vanos e cambiando as características mecánicas dos apoios en ángulo nº 31 e 32, no termo municipal de Cerceda.

Terceiro.-O 24 de xullo de 2000, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou a declaración de impacto ambiental da citada liña, notificándollo ó promotor o 28-8-2000.

Cuarto.-A delegación provincial da Consellería de Industria e Comercio da Coruña someteu o citado proxecto de instalacións, xunto coa relación de bens e dereitos afectados, a trámite de información pública mediante Resolución do 31 de xullo de 2000, publicada no DOG do 14-9-2000, BOP da Coruña do 15-9-2000 e o diario *La Voz de Galicia* do 13-9-2000, no taboleiro de anuncios do Concello de Cerceda, e na Delegación Provincial da Coruña.

A delegación provincial notificou individualmente as mencionadas solicitudes a cada un dos interesados que figuran na citada relación.

Durante o período en que se someteu a trámite de información pública, Olga Ramallal López, en representación dos herdeiros de Jesusa Ramallal Rumbo, propietarios do predio nº 184, manifesta que o predio pertence ós herdeiros de Jesusa Ramallal Rumbo e solicita un trazado alternativo da liña, debido a que o trazado proposto imposibilita calquera acción de desenvolvemento urbanístico e/ou explotación agrícola ou forestal no predio.

A alegación remituse á empresa beneficiaria para a súa contestación.

Quinto.-O 13 de setembro de 2000, por resolución da Dirección Xeral de Industria, autorízase administrativamente, declárase de utilidade pública e apróbase o proxecto de execución da liña aérea de transporte de enerxía eléctrica a 220 kV. O Mesón do Vento-Vimianzo, apoios 1-31 e 32-final, nos termos municipais de Carral, Mesía, Ordes, Cerceda, A Laracha, Carballo, Coristanco, Cabana de Bergantiños, Zas e Vimianzo (A Coruña). Expediente: 228/99; publicouse no *Diario Oficial de Galicia* do 22-9-2000.

Sexto.-O 19 de febreiro de 2001, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou a declaración de impacto ambiental pola que se revisa a declaración de impacto ambiental da liña 220 kV O Mesón do Vento-Vimianzo, notificándose ó promotor o 6-3-2001.

Sétimo.-A solicitude obxecto deste expediente recibiu informe favorable da Delegación Provincial da Coruña con data do 8-3-2001, comprobándose mediante inspección sobre o terreo seguindo o trazado proposto para a instalación desta liña que nos bens afectados, sobre os que se solicitan os beneficios de expropiación para os efectos da servidume de paso, non se dan as prohibicións nin limitacións previstas no artigo 57 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e nos artigos 25 e 26 do regulamento da Lei 10/1966, do 18 de marzo, sobre expropiación forzosa e sancións en materia de instalacións eléctricas, aprobado polo Decreto 2619/1966, do 20 de outubro.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-A Dirección Xeral de Industria é a competente para resolver este expediente con fundamento no Estatuto de autonomía de Galicia, o Real decreto 2563/1982, do 24 de xullo, o Decreto 132/1982, do 4 de novembro, o Decreto 99/1998, do 26 de marzo, polo que se establece a estructura orgánica da Consellería de Industria e Comercio, modificado polo Decreto 181/1999, do 21 de xuño, en relación co Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sobre auto-

rización de instalacións eléctricas, o Decreto 2619/1966, do 20 de outubro, polo que se aproba o regulamento da Lei 10/1966, do 18 de marzo, sobre expropiación forzosa e sancións en materia de instalacións eléctricas, e a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Segundo.-O proxecto cumpre o disposto no Decreto 3151/1968, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de liñas eléctricas de alta tensión e, en concreto, nos seus artigos 5 e 6.

Terceiro.-Á vista da alegación presentada, da contestación a esta por parte da empresa promotora, e o resto da documentación que consta no expediente, queda de manifesto que non podemos acepta-las alegacións presentadas por Olga Ramallal López, en representación dos irmáns de Jesusa Ramallal Rumbo, propietarios do predio nº 184, dado que a servidume de paso de enerxía eléctrica non lle impide ó dono do predio servente cercalo ou edificar nel, deixando a salvo a devandita servidume; nos ditos predios poderanse seguir realizando actividades pecuarias ou de cultivo respectando as distancias de plantación de árbores e, por outra banda, a desviación da citada liña afectaría a terceiros non incursos no expediente. No referente ó cambio de titularidade, a empresa toma razón del, continuando a tramitación do expediente cos novos titulares.

Cuarto.-No expediente instruído para o efecto cumpríronse os trámites regulamentarios.

Esta dirección xeral, de acordo co que antecede e no exercicio das competencias que ten atribuídas

*RESOLVE:*

Primeiro.-Autoriza-la liña aérea de transporte de enerxía eléctrica a 220 kV O Mesón do Vento-Vimianzo, entre os apoios 31 e 32, no termo municipal de Cerceda, A Laracha (A Coruña).

Segundo.-Aproba-lo proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita.

Terceiro.-Declara-la utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica, entre os apoios 31 e 32, o que implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados, e implica a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Contra esta resolución, que non é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Industria e Comercio no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que coiden pertinente.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2001.

Ramón Ordás Badía
Director xeral de Industria

## CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

*Resolución do 14 de marzo de 2001 pola que se anuncia a contratación, por concurso público e sistema aberto, da subministración, instalación e mantemento de equipos para a investigación e desenvolvemento de museos virtuais.*

Orzamento da subministración: 9.100.000 pesetas, IVE incluído, distribuído en dous lotes.

Lote 1: 3.300.000 pesetas, IVE incluído.

Lote 2: 5.800.000 pesetas, IVE incluído.

Prazo de execución: unha semana, desde o asinamento do contrato.

Fianza provisional: dispensada.

Forma de tramitación: normal.

Prazo de presentación de proposicións: deberán presentarse en man no rexistro xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, ou nas direccións provinciais correspondentes, antes das 14 horas do décimo quinto día natural contado a partir do día seguinte ó da publicación do concurso no *Diario Oficial de Galicia*, ou por correo na forma indicada no artigo 100 do Regulamento xeral de contratos do Estado.

Documentación que deben presenta-los licitadores: no sobre da documentación persoal, a establecida na cláusula 7.1.1 do prego de cláusulas administrativas.

No sobre da documentación económica, a establecida na cláusula 7.1.2 do prego de cláusulas administrativas.

No sobre da documentación de referencias técnicas, a establecida na cláusula 7.1.3 do prego de cláusulas administrativas.

Apertura de proposicións: será realizada pola mesa de contratación, na sala de xuntas da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, a partir das 12.10 horas do quinto día natural seguinte ó do peche do prazo de admisión de ofertas.

No caso de que o dito día coincida en sábado ou festivo, a apertura das proposicións terá lugar o día hábil seguinte.

Documentos de interese para os licitadores: o prego de cláusulas administrativas particulares e demais documentación complementaria estarán á disposición dos licitadores, para o seu exame, durante o prazo de presentación de proposicións, nos días e horas hábiles de oficina, nas dependencias da Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual, sita no edificio administrativo nº 3 de San Caetano, Santiago de Compostela; teléfono 981 54 58 83.

Así mesmo, tamén se poderán obte-los pregos relativos a esta contratación no seguinte enderezo da Internet: http://www.xunta.es/contratacion/resultado.asp?N=229.

Anuncios: os anuncios deste concurso público serán por conta do adxudicatario do contrato.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2001.

P.D. (Orde 15-12-1997)
Andrés González Murga
Secretario xeral da Consellería de Cultura,
Comunicación Social e Turismo

*Resolución do 14 de marzo de 2001 pola que se anuncia a contratación, por concurso público e sistema aberto, da asistencia técnica para a contratación do mantemento tecnolóxico do Centro Multimedia de Galicia (CMG).*

Orzamento da asistencia técnica: 10.000.000 de pesetas, IVE incluído.

Prazo de execución: ata o 31 de decembro de 2001.

Fianza provisional: dispensada.

Forma de tramitación: urxente.

Prazo de presentación de proposicións: deberán presentarse en man no rexistro xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, ou nas direccións provinciais correspondentes, antes das 14 horas do sétimo día natural contado a partir do día seguinte ó da publicación do concurso no *Diario Oficial de Galicia*, ou por correo na forma indicada no artigo 100 do Regulamento xeral de contratos do Estado.

Documentación que deben presenta-los licitadores: no sobre da documentación persoal, a establecida na cláusula 7.1.1 do prego de cláusulas administrativas.

No sobre da documentación económica, a establecida na cláusula 7.1.2 do prego de cláusulas administrativas.

No sobre da documentación de referencias técnicas, a establecida na cláusula 7.1.3 do prego de cláusulas administrativas.

Apertura de proposicións: será realizada pola mesa de contratación, na sala de xuntas da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, a partir das 12 horas do quinto día natural seguinte ó do peche do prazo de admisión de ofertas.

No caso de que o dito día coincida en sábado ou festivo, a apertura das proposicións terá lugar o día hábil seguinte.

Documentos de interese para os licitadores: o prego de cláusulas administrativas particulares e demais documentación complementaria estarán á disposición dos licitadores, para o seu exame, durante o prazo de presentación de proposicións, nos días e horas hábiles de oficina, nas dependencias da Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual, sita no edificio administrativo nº 3 de San Caetano, Santiago de Compostela; teléfono 981 54 58 83.

Así mesmo, tamén se poderán obte-los pregos relativos a esta contratación no seguinte enderezo da Internet: http://www.xunta.es/contratacion/resultado.asp?N=228.

Anuncios: os anuncios deste concurso público serán por conta do adxudicatario do contrato.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2001.

P.D. (Orde 15-12-1997)
Andrés González Murga
Secretario xeral da Consellería de Cultura,
Comunicación Social e Turismo

*Resolución do 14 de marzo de 2001 pola que se anuncia a contratación, por concurso público e sistema aberto, da asistencia técnica para a realización dun estudio para o desenvolvemento dunha comisión do cine en Galicia.*

Orzamento da asistencia técnica: 9.000.000 de pesetas, IVE incluído.

Prazo de execución: ata o 31 de decembro de 2001.

Fianza provisional: dispensada.

Forma de tramitación: normal.

Prazo de presentación de proposicións: deberán presentarse en man no rexistro xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, ou nas direccións provinciais correspondentes, antes das 14 horas do décimo quinto día natural contado a partir do día seguinte ó da publicación do concurso no *Diario Oficial de Galicia*, ou por correo na forma indicada no artigo 100 do Regulamento xeral de contratos do Estado.

Documentación que deben presenta-los licitadores: no sobre da documentación persoal, a establecida na cláusula 7.1.1 do prego de cláusulas administrativas.

No sobre da documentación económica, a establecida na cláusula 7.1.2 do prego de cláusulas administrativas.

No sobre da documentación de referencias técnicas, a establecida na cláusula 7.1.3 do prego de cláusulas administrativas.

Apertura de proposicións: será realizada pola mesa de contratación, na sala de xuntas da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, a partir das 12.20 horas do quinto día natural seguinte ó do peche do prazo de admisión de ofertas.

No caso de que o dito día coincida en sábado ou festivo, a apertura das proposicións terá lugar o día hábil seguinte.

Documentos de interese para os licitadores: o prego de cláusulas administrativas particulares e demais documentación complementaria estarán á disposición dos licitadores, para o seu exame, durante o prazo de presentación de proposicións, nos días e horas hábiles de oficina, nas dependencias da Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual, sita no edificio administrativo nº 3 de San Caetano, Santiago de Compostela; teléfono 981 54 58 83.

Así mesmo, tamén se poderán obte-los pregos relativos a esta contratación no seguinte enderezo da Internet: http://www.xunta.es/contratacion/resultado.asp?N=230.

Anuncios: os anuncios deste concurso público serán por conta do adxudicatario do contrato.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2001.

P.D. (Orde 15-12-1997)
Andrés González Murga
Secretario xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo

## CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS

*Resolución do 26 de febreiro de 2001, da Dirección Xeral de Servicios Sociais, pola que se anuncia concurso público, polo procedemento aberto con trámite de urxencia, para a contratación dun servicio para realiza-lo programa* Arte nas túas mans, *destinado a persoas maiores e minusválidos.*

Obxecto: fomento da creatividade e terapia grupal, dirixido a persoas maiores e minusválidos, a través da iniciación ás artes plásticas, e contando con actividades de animación sociocultural e relaxación.

Orzamento de licitación: 8.500.000 pesetas (IVE incluído).

Prazo de execución: durante o período comprendido desde a sinatura do contrato a decembro de 2001.

Garantía provisional: 170.000 pesetas.

Clasificación requirida: non se esixe.

Exposición de pregos: os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas poderán examinarse na Subdirección Xeral de Administración e Inspección, da Dirección Xeral de Servicios Sociais, en días hábiles desde as 9 ata as 14 horas, durante o prazo de presentación de proposicións.

Presentación de proposicións: as proposicións deberán presentarse no prazo de 8 días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e elaboraranse segundo o modelo que figura no prego de cláusulas administrativas particulares. Tódolos documentos esixidos no prego de cláusulas administrativas particulares deberanse presentar no rexistro xeral da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, ou por correo na forma indicada no artigo 100 do Regulamento xeral de contratación do Estado, dirixidos á Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, Dirección Xeral de Servicios Sociais.

Apertura de proposicións: a apertura de proposicións admitidas será realizada pola mesa de contratacion, reunida en acto público na sala de xuntas da Dirección Xeral de Servicios Sociais ás 10 horas do quinto día natural contado desde o seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación de ofertas. No caso de que o devandito día coincida en sábado ou festivo, a apertura das proposicións terá lugar o primeiro día hábil seguinte.

Documentación que deberán achega-los licitadores: os documentos sinalados no prego de cláusulas administrativas.

Variantes: non se admiten.

Anuncios: o pagamento dos anuncios deste concurso será por conta do adxudicatario do contrato.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2001.

P.D. (Orde 21-4-1998)
Corina Porro Martínez
Directora xeral de Servicios Sociais

## CONSELLERÍA DE PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA

*Orde do 7 de febreiro de 2001 pola que se aproba o cambio de dominio do establecemento Marpesa XIV.*

Visto o expediente instruído para efectos de transmisión do viveiro (batea) Marpesa XIV, e da concesión administrativa que o ampara, resulta:

a) Antecendentes de feito.

Primeiro.-Mediante escrito de data 9-10-2000, Mª Lourdes Hebello Cordeiro solicitou autorización para transmisión da concesión do viveiro (batea) Marpesa XIV.

Segundo.-Os informes do Servicio de Protección dos Recursos sobre as características do viveiro (batea) e do Servicio Técnico Xurídico sobre a tramitación do expediente son favorables.

b) Fundamentos xurídicos.

Primeiro.-Este órgano é competente para resolve-lo expediente de conformidade coa Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia, e coa Orde do 14 de xuño de 1999, de delegación de competencias nos delegados territoriais da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

Segundo.-O expediente seguiu tódolos trámites establecidos no procedemento administrativo común, coas especialidades previstas no Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba

o Regulamento de viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia, e na Orde do 15 de xuño de 1999 pola que se regula o procedemento para a transmisión da titularidade das concesións dos viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia.

Vistas as disposicións citadas, a proposta de resolución elaborada polo servicio de recursos mariños, o artigo 89 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais normas de xeral e pertinente aplicación, tiven a ben dicta-la seguinte resolución:

Autoriza-la transmisión intervivos a favor de *Herbello Cordeiro, S.L.* (DNI/NIF B-36.359.479), da concesión administrativa do viveiro que se indica a continuación:

Identificación:
Tipo: viveiro (batea).
Nome: Marpesa XIV.
Localización:
Cuadrícula nº: 2.
Polígono: A.
Distrito: Baiona (Pontevedra).
Especies autorizadas: mexillón (*Mytilus galloprovincialis*).
Título habilitante:
Orde outorgamento: 11-12-1953.
Remate vixencia: 14-11-2004.
Actual titular: Mª Lourdes Herbello Cordeiro (78.733.073-W) e Juan José Abal Currás (35.311.613-N).
Novo titular: *Herbello Cordeiro, S.L.* (DNI/NIF B-36.359.479).

Baixo as seguintes condicións:

Primeira.-O actual titular deberá presentar no prazo máximo dun mes, contado desde o día seguinte ó da publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia*, orixinal ou fotocopia cotexada da seguinte documentación:

a) Documento notarial da transmisión ou doazón.

b) Solicitude ou carta de pagamento do imposto de transmisións patrimoniais ou documento de sucesións.

Segunda.-Transcorrido o prazo indicado na condición primeira sen achega-la documentación requirida, a autorización quedará sen efecto, logo de comunicación por parte da consellería.

Terceira.-O novo titular da concesión queda subrogado nos dereitos e obrigas do anterior, desde o momento de formalización da compra-venda en escritura pública.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o conselleiro de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, ou recurso contencioso-administrativo, ante a xurisdicción contencioso-administrativa, que se interporá no prazo de dous meses contados en ámbolos dous casos desde o día seguinte ó da súa publicación, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e o artigo 46.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Vigo, 7 de febreiro de 2001.

P.D. (Orde 14-6-1999, DOG nº 120, do 24 de xuño)
Rosa Mª Quintana Carballo
Delegada territorial de Vigo

*Resolución do 14 de marzo de 2001, da Secretaría Xeral da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso aberto e trámite de urxencia, para a adquisición de cinco carretas elevadoras para os portos pesqueiros de Cangas, Cedeira, Laxe, A Pobra do Caramiñal e Redondela.*

De acordo co establecido na lexislación vixente sobre contratos das administracións públicas, a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura anuncia a convocatoria de licitación, polo sistema de concurso aberto e trámite de urxencia, para a adquisición de cinco carretas elevadoras para os portos pesqueiros de Cangas, Cedeira, Laxe, A Pobra do Caramiñal e Redondela.

Obxecto: adquisición de cinco carretas elevadoras para os portos pesqueiros de Cangas, Cedeira, Laxe, A Pobra do Caramiñal e Redondela.

Orzamento e tipo: dezaseis millóns cincocentas mil pesetas (16.500.000), IVE e outros impostos incluídos.

Prazo de entrega: segundo o prego de prescricións técnicas.

Documentación de interese: os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán neste concurso estarán á disposición dos licitadores na oficina de Información da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura en Santiago de Compostela, San Caetano, bloque 5, así como nas delegacións territoriais pertencentes a esta consellería, durante o prazo de presentación de proposicións, os días e horas hábiles de oficina; así mesmo, poderanse obte-los pregos relativos a esta contratación no seguinte enderezo da Internet: http://www.xunta.es/contratacion/resultado.asp?N=225.

Prazo e presentación de propostas: as proposicións poderán presentarse no rexistro da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura en Santiago de Compostela, así como nos rexistros das delegacións territoriais pertencentes a esta consellería. O prazo de presentación rematará ás 14 horas do oitavo día natu-

ral seguinte ó da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

No caso de utilizar calquera dos medios previstos no artigo 100 do Regulamento xeral de contratación do Estado, remitirase o mesmo día un telegrama ou fax á secretaría xeral, no que se comunique a presentación da oferta.

Apertura de proposicións: será realizada pola mesa de contratación, que se reunirá na Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura en Santiago de Compostela, ás once horas (11 horas) do cuarto día hábil contado a partir do seguinte ó do remate do prazo de presentación de propostas, sempre e cando este día non coincida en sábado ou festivo. Neste caso, tal día pasará a se-lo primeiro hábil seguinte.

O importe do anuncio será por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2001.

Juan José Álvarez Pérez
Secretario xeral da Consellería de Pesca,
Marisqueo e Acuicultura

*Resolución do 14 de marzo de 2001, da Secretaría Xeral da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso aberto e trámite de urxencia, para a adquisición dun guindastre pórtico automotor* travelling *con destino ó porto pesqueiro de Cangas (Pontevedra).*

De acordo co establecido na lexislación vixente sobre contratos das administracións públicas, a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura anuncia a convocatoria de licitación, polo sistema de concurso aberto e trámite de urxencia, para a adquisición dun guindastre pórtico automotor travelling para o porto pesqueiro de Cangas (Pontevedra).

Obxecto: adquisición dun guindastre pórtico automotor *travelling* para o porto pesqueiro de Cangas (Pontevedra).

Orzamento e tipo: trinta millóns de pesetas (30.000.000), IVE e outros impostos incluídos.

Prazo de entrega: segundo o prego de prescricións técnicas.

Documentación de interese: os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán neste concurso estarán á disposición dos licitadores na oficina de Información da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura en Santiago de Compostela, San Caetano, bloque 5, así como nas delegacións territoriais pertencentes a esta consellería, durante o prazo de presentación de proposicións, os días e horas hábiles de oficina; así mesmo, poderanse obte-los pregos relativos a esta contratación no seguinte enderezo da Internet: http://www.xunta.es/contratacion/resultado.asp?N = 227.

Prazo e presentación de propostas: as proposicións poderán presentarse no rexistro da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura en Santiago de Compostela, así como nos rexistros das delegacións territoriais pertencentes a esta consellería. O prazo de presentación rematará ás 14 horas do oitavo día natural seguinte ó da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

No caso de utilizar calquera dos medios previstos no artigo 100 do Regulamento xeral de contratación do Estado, remitirase o mesmo día un telegrama ou fax á secretaría xeral, na que se comunique a presentación da oferta.

Apertura de proposicións: será realizada pola mesa de contratación, que se reunirá na Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura en Santiago de Compostela, ás dez horas (10 horas) do cuarto día hábil contado a partir do seguinte ó do remate do prazo de presentación de propostas, sempre e cando este día non coincida en sábado ou festivo. Neste caso, tal día pasará a se-lo primeiro hábil seguinte.

O importe do anuncio será por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2001.

Juan José Álvarez Pérez
Secretario xeral da Consellería de Pesca,
Marisqueo e Acuicultura

*Resolución do 14 de marzo de 2001, da Secretaría Xeral da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso aberto e trámite de urxencia, para a adquisición dun guindastre con destino ó porto pesqueiro do Carril (Pontevedra).*

De acordo co establecido na lexislación vixente sobre contratos das administracións públicas, a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura anuncia a convocatoria de licitación, polo sistema de concurso aberto e trámite de urxencia, para a adquisición dun guindastre para o porto pesqueiro do Carril (Pontevedra).

Obxecto: adquisición dun guindastre para o porto pesqueiro do Carril (Pontevedra).

Orzamento e tipo: cinco millóns trescentas mil pesetas (5.300.000), IVE e outros impostos incluídos.

Prazo de entrega: segundo o prego de prescricións técnicas.

Documentación de interese: os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán neste concurso estarán á disposición dos licitadores na oficina de Información da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura en Santiago de Compostela, San Caetano, bloque 5, así como nas delegacións territoriais pertencentes a esta consellería, durante o prazo de presentación de proposicións, os

días e horas hábiles de oficina; así mesmo, poderanse obte-los pregos relativos a esta contratación no seguinte enderezo da Internet: http://www.xunta.es/contratacion/resultado.asp?N = 224.

Prazo e presentación de propostas: as proposicións poderán presentarse no rexistro da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura en Santiago de Compostela, así como nos rexistros das delegacións territoriais pertencentes a esta consellería. O prazo de presentación rematará ás 14 horas do oitavo día natural seguinte ó da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

No caso de utilizar calquera dos medios previstos no artigo 100 do Regulamento xeral de contratación do Estado, remitirase o mesmo día un telegrama ou fax á secretaría xeral, na que se comunique a presentación da oferta.

Apertura de proposicións: será realizada pola mesa de contratación, que se reunirá na Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura en Santiago de Compostela, ás doce horas (12 horas) do cuarto día hábil contado a partir do seguinte ó do remate do prazo de presentación de propostas, sempre e cando este día non coincida en sábado ou festivo. Neste caso, tal día pasará a se-lo primeiro hábil seguinte.

O importe do anuncio será por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2001.

Juan José Álvarez Pérez
Secretario xeral da Consellería de Pesca,
Marisqueo e Acuicultura

*Resolución do 14 de marzo de 2001, da Secretaría Xeral da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso aberto e trámite de urxencia, para a adquisición de cinco máquinas de lavado de caixas con destino ós portos pesqueiros de Cambados, Cariño, Portonovo, Muros e Bueu.*

De acordo co establecido na lexislación vixente sobre contratos das administracións públicas, a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura anuncia a convocatoria de licitación, polo sistema de concurso aberto e trámite de urxencia, para a adquisición de cinco máquinas de lavado de caixas con destino ós portos pesqueiros de Cambados, Cariño, Portonovo, Muros e Bueu.

Obxecto: adquisición de cinco máquinas de lavado de caixas con destino ós portos pesqueiros de Cambados, Cariño, Portonovo, Muros e Bueu.

Orzamento e tipo: vintedous millóns cincocentas mil pesetas (22.500.000), IVE e outros impostos incluídos.

Prazo de entrega: segundo o prego de prescricións técnicas.

Documentación de interese: os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán neste concurso estarán á disposición dos licitadores na oficina de Información da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura en Santiago de Compostela, San Caetano, bloque 5, así como nas delegacións territoriais pertencentes a esta consellería, durante o prazo de presentación de proposicións, os días e horas hábiles de oficina; así mesmo, poderanse obte-los pregos relativos a esta contratación no seguinte enderezo da Internet: http://www.xunta.es/contratacion/resultado.asp?N = 226.

Prazo e presentación de propostas: as proposicións poderán presentarse no rexistro da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura en Santiago de Compostela, así como nos rexistros das delegacións territoriais pertencentes a esta consellería. O prazo de presentación rematará ás 14 horas do oitavo día natural seguinte ó da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

No caso de utilizar calquera dos medios previstos no artigo 100 do Regulamento xeral de contratación do Estado, remitirase o mesmo día un telegrama ou fax á secretaría xeral, na que se comunique a presentación da oferta.

Apertura de proposicións: será realizada pola mesa de contratación, que se reunirá na Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura en Santiago de Compostela, ás dez trinta horas (10.30 horas) do cuarto día hábil contado a partir do seguinte ó do remate do prazo de presentación de propostas, sempre e cando este día non coincida en sábado ou festivo. Neste caso, tal día pasará a se-lo primeiro hábil seguinte.

O importe do anuncio será por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2001.

Juan José Álvarez Pérez
Secretario xeral da Consellería de Pesca,
Marisqueo e Acuicultura

*Cédula do 9 de febreiro de 2001, da Delegación Territorial da Coruña, pola que se fai pública unha relación de notificacións de aperturas e pregos de cargos de expedientes sancionadores (PESAN1 2000/000992-1 e dezaseis máis).*

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), notifícaselles ás persoas que a continuación se relacionan as aperturas e pregos de cargos dos expedientes instruídos por infracción da Lei 6/1991, do 15 de maio, de infraccións en materia de pro-

tección de recursos marítimo-pesqueiros (DOG nº 99, do 27 de maio).

Os interesados dispoñen dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste edicto, para presentaren ante a delegación territorial as alegacións que coiden pertinentes.

Os expedientes relacionados a seguir atópanse á disposición dos interesados na citada Delegación Territorial da Coruña, Ramón y Cajal, s/n, 5ª planta.

Nº de expediente: PESAN1 2000/000992-1.
Denunciado: Álvaro Ferreiro Magariños.
DNI: 32.808.182-Q.
Enderezo: avda. de Vilaboa, 137-3º D, Culleredo.

Nº de expediente: PESAN1 2000/000996-1.
Denunciado: Abelardo Esmorís Calviño.
DNI: 32.395.919.
Enderezo: Fonteculler, 12-2º C, Culleredo.

Nº de expediente: PESAN1 2000/001002-1.
Denunciada: María Isabel Ceide López.
DNI: 32.798.896.
Enderezo: avda. Vilaboa, 137-7º D, Culleredo.

Nº de expediente: PESAN1 2000/001035-1.
Denunciado: José Trigo Canido.
DNI: 32.573.785-N.
Enderezo: Robaleira, Posta Maior, 10, Valdoviño.

Nº de expediente: PESAN1 2000/001070-1.
Denunciado: Manuel Senlle Rubio.
DNI: 76.357.189.
Enderezo: Lg. de Castromiñán, Fisterra.

Nº de expediente: PESAN1 2000/001071-1.
Denunciado: Ramón Liñeiro Santamaría.
DNI: 79.312.958.
Enderezo: Castromiñán e Fisterra.

Nº de expediente: PESAN1 2000/001078-1.
Denunciado: José María Castiñeira Ordóñez.
DNI: 76.321.516-H.
Enderezo: Xral. Porlier, 1-baixo, A Coruña.

Nº de expediente: PESAN1 2000/001248-1.
Denunciado: José Ángel Lata Barbeito.
DNI: 32.787.762-C.
Enderezo: Casa del Mar, Sada.

Nº de expediente: PESAN1 2000/001352-1.
Denunciado: Sergio Parga Fraga.
DNI: 46.919.415.
Enderezo: Lg. de Neaño, s/n, Cabana de Bergantiños.

Nº de expediente: PESAN1 2000/001357-1.
Denunciado: Guillermo Vázquez Vaquero.
DNI: 32.801.211-Z.
Enderezo: Lg. de Pousada, 20, Oleiros.

Nº de expediente: PESAN1 2000/001358-1.
Denunciado: Fernando J. Melero Sabugueiro.
DNI: 33.264.510-R.
Enderezo: Rosalía de Castro, 193-5º, Oleiros.

Nº de expediente: PESAN1 2000/001360-1.
Denunciado: Juan José Domínguez García.
DNI: 32.449.409-C.
Enderezo: avda. de Vilaboa, nº 197-baixo, Vilaboa, Culleredo.

Nº de expediente: PESAN1 2000/001364-1.
Denunciado: Marco Antonio Suárez Martínez.
DNI: 79.317.703-H.
Enderezo: r/ Filipinas, 1-3º, A Coruña.

Nº de expediente: PESAN1 2000/001395-1.
Denunciado: José Luis López Calvete.
DNI: 32.779.744-Y.
Enderezo: r/ da Pasaxe, Ed. Villar S. Antonio, 1-5º I, Culleredo.

Nº de expediente: PESAN1 2000/001396-1.
Denunciado: Juan José Domínguez García.
DNI: 32.449.409.
Enderezo: avda. Vilaboa, 197-B, Culleredo.

Nº de expediente: PESAN1 2000/001398-1.
Denunciada: María Isabel Ceide López.
DNI: 32.798.896.
Enderezo: Avda. Vilaboa, 137-7º D, Culleredo.

Nº de expediente: PESAN1 2000/001399-1.
Denunciado: Álvaro Ferreiro Magariños.
DNI: 32.808.182-Q.
Enderezo: avda. de Vilaboa, 137-3º D, Culleredo.

A Coruña, 9 de febreiro de 2001.

Beatriz Alonso de la Iglesia
Instructora

*Cédula do 12 de febreiro de 2001, da Delegación Territorial da Coruña, pola que se fai pública unha relación de notificacións de resolucións de expedientes sancionadores (PESAN1 2000/000028-1 e dez máis).*

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), notifícaselles ás persoas que a continuación se relacionan as resolucións dos expedientes instruídos por infracción da Lei 6/1991, do 15 de maio, de infraccións en materia de protección de recursos marítimo-pesqueiros (DOG nº 99, do 27 de maio).

Os interesados dispoñen dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste edicto, para examina-lo expediente e interpoñer, dentro do prazo que en cada caso se estableza, o recurso pertinente.

Os expedientes relacionados a seguir atópanse á disposición dos interesados na citada Delegación Territorial da Coruña, Ramón y Cajal, s/n, 5ª planta.

Nº de expediente: PESAN1 2000/000028-1.
Denunciado: Fructuoso Álvarez Seoane.
DNI: 34.397.188-K.
Enderezo: rúa Colón, P.4-4-1-A, Ferrol.
Precepto infrinxido: 5.3º.
Sanción: 15.000 pesetas.

Nº de expediente: PESAN1 2000/000050-1.
Denunciado: José María Iglesias Puente.
DNI: 32.389.338-W.
Enderezo: r/ Pérez Arda, Ed. 14-3º dta., A Coruña.
Precepto infrinxido: 6.9º.
Sanción: 25.001 pesetas.

Nº de expediente: PESAN1 2000/000314-1.
Denunciado: Fernando Casas Díaz.
DNI: 32.657.469-E.
Enderezo: Crónicas, 3-2º A, Cedeira.
Precepto infrinxido: 6.7º, 6.13º.
Sanción: 200.000 pesetas.

Nº de expediente: PESAN1 2000/000316-1.
Denunciado: Francisco Rañales García.
DNI: 32.597.508-E.
Enderezo: Avda. del Mar, 17, Mugardos.
Precepto infrinxido: 6.7º.
Sanción: 25.001 pesetas.

Nº de expediente: PESAN1 2000/000318-1.
Denunciado: Miguel Suárez Álvarez.
DNI: 32.671.471-V.
Enderezo: Chabolas do Pilar, Ferrol.
Precepto infrinxido: 6.7º.
Sanción: 30.000 pesetas.

Nº de expediente: PESAN1 2000/000369-1.
Denunciado: José Antonio García Lorenzo.
DNI: 79.313.302-X.
Enderezo: Lg. de Frinle, s/n, Cundís, Cabana de Bergantiños.
Precepto infrinxido: 6.7º, 6.10º.
Sanción: 70.000 pesetas.

Nº de expediente: PESAN1 2000/000370-1.
Denunciado: Sergio Parga Fraga.
DNI: 46.919.415.
Enderezo: Lg. de Neaño, s/n, Cabana de Bergantiños.
Precepto infrinxido: 6.7º, 6.10º.
Sanción: 200.000 pesetas.

Nº de expediente: PESAN1 2000/000375-1.
Denunciado: Rafael Varela Pérez.
DNI: 35.448.639-G.
Enderezo: Castrelo, Cambados.
Precepto infrinxido: 6.12º.
Sanción: 150.000 pesetas.

Nº de expediente: PESAN1 2000/000384-1.
Denunciado: David Caruncho Porto.
DNI: 32.698.196-Q.
Enderezo: Río Masma, P.7-5º esq., Narón.
Precepto infrinxido: 6.7º.
Sanción: 35.000 pesetas.

Nº de expediente: PESAN1 2000/000541-1.
Denunciado: Santiago Luis Parente Bustabad.
DNI: 32.681.942-T.
Enderezo: Narón, 2-2º D, Ferrol.
Precepto infrinxido: 6.1º, 6.7º.
Sanción: 60.000 pesetas.

Nº de expediente: PESAN1 2000/000544-1.
Denunciado: Manuel Outeiral Pose.
DNI: 76.493.158-B.
Enderezo: Ribeiriña, A Pobra do Caramiñal.
Precepto infrinxido: 5.3º.
Sanción: 10.000 pesetas.

De conformidade co previsto na orde de Economía e Facenda do 22 de maio de 1987 (DOG nº 104, do 3 de xuño), as devanditas sancións deberán ser aboadas na c/c nº 311.000.174/2 da *Caixa de Aforros de Galicia*, oficina principal da Coruña, título da conta Tesouro da Facenda galega. Conta restrinxida da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura. Recadación de multas e sancións, nos prazos establecidos no Regulamento xeral de recadación. No suposto de non seren aboadas procederase, sen máis trámite, ó seu cobramento pola vía de constrinximento regulamentaria.

A Coruña, 12 de febreiro de 2001.

María José Cancelo Baquero
Delegada territorial da Coruña

## CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS

*Resolución do 15 de febreiro de 2001, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se fai pública a modificación estatutaria da asociación* Selección y Mejora Genética *(Semegén).*

En cumprimento do disposto no artigo 4 do Real decreto 873/1977, do 22 de abril, de desenvolvemento da Lei 19/1977, do 1 de abril, e para os efectos previstos nel, faise público que no correspondente servicio desta dirección xeral se presentou, o día 9 de febreiro de 2001, certificación expedida polo secretario da devandita asociación, Manuel Domingo Fontela Ríos, avalada co visto e prace do presidente, Ramón Saavedra Mazariegos, na que se reflicte o acordo acadado na asemblea xeral extraordinaria do día 30 de xaneiro de 2001, relativo ó traslado do domicilio social da asociación, que se fixa na rúa Ramón y Cajal, 5 baixo, de Lugo.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2001.

José Vázquez Portomeñe
Director xeral de Relacións Laborais

*Resolución do 15 de febreiro de 2001, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se fai público o depósito da acta de constitución e dos estatutos da* Asociación de Médicos Interinos del Complejo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela *(Ademi-Chus).*

En cumprimento do disposto no artigo 4 do Real decreto 873/1977, do 22 de abril, de desenvolvemento da Lei 19/1977, do 1 de abril, e para os efectos previstos nel, faise público que no correspondente servicio desta dirección xeral foron depo-

sitados a acta de constitución e os estatutos da *Asociación de Médicos Interinos del Complejo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela* (Ademi-Chus), que ten os seguintes ámbitos:

Territorial: Comunidade Autónoma de Galicia.

Profesional: poderán pertencer á devandita asociación os facultativos hospitalarios que non teñan praza en propiedade no Sistema Nacional de Saúde e que traballen de forma continuada, máis dun ano, nos servicios hospitalarios do territorio de cobertura sanitaria do Servicio Galego de Saúde (Sergas).

Asinan a acta de constitución: Francisco Javier Vadillo Olmo e tres persoas máis.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2001.

José Vázquez Portomeñe
Director xeral de Relacións Laborais

## CONSELLERÍA DE FAMILIA E PROMOCIÓN DO EMPREGO, MULLER E XUVENTUDE

*Resolución do 15 de marzo de 2001, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se anuncia concurso público, polo procedemento aberto e tramitación urxente, para a xestión do servicio de cafetería do edificio da sede desta delegación.*

A Delegación Provincial de Ourense, unha vez cumpridos os trámites administrativos correspondentes, resolve anuncia-lo concurso que a seguir se cita:

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

b) Dependencia que tramita o expediente: Delegación Provincial de Ourense.

c) Número de expediente 3/2001.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición: xestión do servicio de cafetería.

b) Lugar de execución: Delegación Provincial de Ourense.

c) Prazo de execución: 1 ano.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: urxente.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

4. Orzamento base de licitación ou canon de explotación.

Importe total: 200.000 pesetas/ano (1.202,02 euros/ano).

5. Garantías.

Provisional: non se esixe.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: delegación provincial.

b) Domicilio: Camiño Prado Loña, s/n.

c) Localidade: Ourense 32004.

d) Teléfono: 988 38 60 96.

e) Telefax: 988 38 60 87.

f) Data límite de obtención de documentos e información: ata o último día de presentación das proposicións, tódolos días laborables, agás sábados, das 9 ás 14 horas.

7. Presentación de ofertas.

a) Data límite de presentación: 10 días naturais contados desde o día seguinte ó da publicación deste anuncio no DOG.

b) Documentación que hai que presentar: a que se indica no número 5 do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: no rexistro xeral da Delegación Provincial da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude ou por calquera dos procedementos previstos no artigo 100 do Regulamento xeral de contratos do Estado.

d) Admisión de variantes: si.

8. Apertura das ofertas.

a) Entidade: delegación provincial.

b) Domicilio: Camiño Prado Loña, s/n.

c) Localidade: Ourense.

d) Data: o terceiro día natural contado a partir do seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación de ofertas. No caso de que coincida en sábado ou festivo, a súa apertura terá lugar no día hábil seguinte.

e) Hora: 11.

9. Gastos do anuncio: o importe deste anuncio será por conta do adxudicatario do contrato.

Ourense, 15 de marzo de 2001.

P.D.(Orde 19-1-1998)
Isidro J. Cabero Juárez
Delegado provincial de Ourense

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

*Resolución do 6 de febreiro de 2001, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se notifica a resolución de sobresemento dos expedientes sancionadores EN-31/2000 e dous máis.*

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico

das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícaselles ás persoas que no anexo se mencionan as resolucións de sobresemento dos ditos expedientes.

Contra a dita resolución e de conformidade co disposto nos artigos 107.1º e 114 ó 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó desta publicación, poderá interpoñer recurso ordinario ante o conselleiro de Medio Ambiente Natural. Transcorrido o prazo de interposición do recurso sen que este fose presentado, esta resolución será firme para tódolos efectos.

Pontevedra, 6 de febreiro de 2001.

José Luis Díez Yáñez
Delegado provincial de Pontevedra

*ANEXO*

Expediente: EN-31/2000.
Denunciado: David Guzmán Migues.
Último domicilio coñecido: r/ Pontevedra, 6-8º B, Vigo.

Expediente: EN-119/2000.
Denunciado: Fernando Argonés Márquez.
Último domicilio coñecido: avda. Balaídos, nº 73-8º C, Vigo.

Expediente: EN-126/2000.
Denunciado: Avelino Rodríguez Barreiro.
Último domicilio coñecido: Urzaiz, 117-3º C, Vigo.

*Resolución do 13 de febreiro de 2001, da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, pola que se fai pública a iniciación do trámite de audiencia no expediente de reintegro das subvencións outorgadas á entidade* Fomento de la Producción Forestal, S.L. *nos expedientes AG-617-A-36-01 e dous máis.*

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícaselle á persoa que figura no anexo, a citada iniciación do trámite de audiencia para que no prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ó da publicación, formule alegacións e presente os documentos e xustificantes que coide pertinentes. Prazo no que, así mesmo, poderá examina-lo expediente en horas de oficina.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2001.

Tomás Fernández-Couto Juanas
Director xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

*ANEXO*

Iniciación do trámite de audiencia

Expediente: de reintegro das subvencións outorgadas á entidade *Fomento de la Producción Forestal, S.L.* nos expedientes AG–617–A–36–01, AG-617-A-36-02 e AG-617-A-36-03.

Interesado: José Manuel Carballido García (*Fomento de la Producción Forestal, S.L.*).

Último enderezo coñecido: Calvo Sotelo, 12. Mondariz-Balneario (Pontevedra).

*Resolución do 9 de marzo de 2001, da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, pola que se fai pública a resolución recaída no expediente sancionador de caza CO-2000/095.*

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícaselle á persoa que figura no anexo a citada resolución.

Contra a resolución que se publica caberá, de conformidade co disposto nos artigos 107.1º, 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, a interposición do recurso de alzada perante o conselleiro de Medio Ambiente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da publicación.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2001.

Tomás Fernández-Couto Juanas
Director xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

*ANEXO*

Procedemento sancionador de caza: Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia.
Expediente número: CO-2000/095.
Denunciado: Jaime Iglesias Silva.
Último enderezo coñecido: Alón de Arriba, 15860 Santa Comba (A Coruña).

Contido da resolución:
Data: 28 de febreiro de 2001.
Feitos polos que foi denunciado: cazar nun couto privado sen licencia.
Tipificación da infracción: artigo 58.2º da Lei 4/1997.
Cualificación da infracción: grave.
Resolución: sanción con multa de 100.001 pesetas e retirada da licencia de caza e inhabilitación para obtela por un tempo dun ano e un día.

## INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

*Resolución do 23 de febreiro de 2001 pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso aberto, do contrato de proxecto e obra de construcción de 24 vivendas, garaxes e rochos en Rianxo. (Expediente C-00/010).*

1. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: proxecto e obra de construcción de 24 vivendas, garaxes e rochos en Rianxo.

b) Prazo de execución: 22 meses.

2. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso público.

3. Orzamento base de licitación.

Importe total: douscentos vintesete millóns oitocentas setenta e oito mil trescentas noventa e nove (227.878.399) pesetas (1.369.576,76 euros), IVE incluído.

4. Garantías.

a) Provisional: exenta.

b) Definitiva: 4% do importe de adxudicación.

5. Requisitos específicos do contratista.

Clasificación: grupo: C; subgrupo: todos; categoría: d.

6. Obtención de documentación.

-Copistería *Copy Estudio*.

Enderezo: Rúa Nova de Abaixo, 19-20, galerías. Santiago de Compostela.

Teléfono: 981 59 33 85.

-Tamén se poderán obte-los pregos relativos a esta contratación a través da Internet no enderezo: http://www.xunta.es/contratacion/resultado.asp?N=190.

7. Presentación das ofertas.

As proposicións, que se axustarán ó modelo que se inclúe no correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, presentaranse no rexistro da sede dos Servicios Centrais do IGVS (Polígono das Fontiñas, Área Central, s/n, Santiago de Compostela), antes das 14 horas do vixésimo sexto (26) día natural contado a partir do seguinte ó da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. De coincidi-lo dito día en sábado ou festivo, o prazo para a presentación das propostas rematará o primeiro día hábil seguinte.

8. Posibilidade de variantes.

Admítense.

9. Apertura das ofertas.

A apertura das proposicións admitidas será realizada pola mesa de contratación, reunida en acto público na sala de xuntas da sede dos servicios centrais do IGVS, ás dez (10) horas do décimo primeiro (11) día natural contado a partir do seguinte ó da finalización do prazo de presentación de proposicións. Se ese día coincidise en sábado ou festivo, a mesa reuniríase o primeiro día hábil seguinte á mesma hora. Cando a proposición se envíe por correo, o licitador deberá xustifica-la data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da dita oferta mediante telegrama ou fax (nº 981 54 19 02) no mesmo día.

10. Gasto do anuncio.

O importe deste anuncio será por conta dos adxudicatarios.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2001.

P.D. (Resolución 6-4-1995)
José Antonio Redondo López
Director xeral do Instituto Galego
da Vivenda e Solo

## b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

## CONCELLO DA CORUÑA

*Anuncio (EDD-9/2000).*

O Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o día 12 de febreiro de 2001, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Primeiro.-Estima-la alegación presentada pola Asociación de Veciños Castrillón-Urbanización Soto IAR, de maneira que o documento definitivo que se aproba emendou xa o volume, eliminándoo, que invadía o espacio público vulnerando a aliñación prevista polo PXOM. Desestima-la alegación presentada pola Comunidade de Propietarios do edificio da r/ Antonio Ríos nº 14 ó 22, con base no informe antes transcrito.

Segundo.-Aprobar definitivamente o estudio de detalle polígono H9.04, documento presentado o día 26 de xaneiro de 2001 por Juan José Díaz Santamaría.

Terceiro.-Proceder á publicación do acordo no *Diario Oficial de Galicia* e no BOP.

Cuarto.-Comunicarlle este acordo ó conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, dando traslado do expediente administrativo e dous exemplares do documento en cumprimento do artigo 48.3º da LSG.

Quinto.-Notificar ós interesados neste estudio de detalle.

Sexto.-Contra este acordo cabe interpor recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da publicación no DOG, aínda que previamente, e con carácter potestativo, cabe interpor recurso de reposición perante o propio órgano que dictou o acordo no prazo dun mes. Neste caso, contra a desestimación do recurso de reposición o prazo para interpo-lo contencioso-administrativo será de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da notificación, ou, noutro caso, o de seis meses contados a partir da desestimación presunta, que se entenderá producida polo transcurso dun mes desde a interposición do recurso de reposición.

O que se publica para xeral coñecemento e efectos previstos neste acordo.

A Coruña, 14 de febreiro de 2001.

Salvador Fernández Moreda
Concelleiro delegado de Urbanismo

## CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS

*Anuncio.*

O Pleno do Concello, na sesión que tivo lugar o día 19 de xaneiro de 2001, acordou aprobar inicialmente o proxecto de reparcelación do lugar Fonte do Fraile, sito en Canido, Malpica de Bergantiños, promovido por Carmen Regueira Negreira en representación dos herdeiros de Santiago Vidal Rodríguez, redactado polo arquitecto Alfredo Garrote Pazos. O citado proxecto exponse ó público polo prazo de 20 días, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, quedando o expediente á diposición de todo aquel que queira examinalo.

O expediente poderase examinar na secretaría do concello de luns a venres, das nove ás catorce horas.

Malpica de Bergantiños, 13 de febreiro de 2001.

José Ramón Varela Rey
Alcalde

## CONCELLO DE NARÓN

*Anuncio.*

O Pleno do Concello de Narón, con data do 23 de febreiro do ano 2001, acordou tomar en consideración a memoria relativa ós aspectos social, xurídico, técnico e financeiro para a constitución dunha axencia de desenvolvemento local en Narón; o que se expón ó público durante o prazo de trinta días naturais, para a formulación de observacións polos particulares e entidades no BOP e no *Diario Oficial de Galicia*.

Narón, 26 de febreiro de 2001.

Juan Gato Díaz
Alcalde

*Anuncio.*

O Pleno do Concello, en sesión extraordinaria que tivo lugar o día 16 de febreiro de 2001, acordou aprobar inicialmente o proxecto de revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal redactado por José González Cebrián Tello.

Así mesmo, faise consta-la suspensión do outorgamento de licencia naquelas zonas do territorio obxecto do planeamento con novas determinacións que supoñan modificación do réxime urbanístico vixente; a suspensión terá unha duración máxima dun ano.

De acordo co establecido no artigo 42.1º da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia, ábrese un período de información pública polo prazo dun mes, mediante anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e no BOP, para que os interesados poidan formula-las alegacións que consideren pertinentes. O prazo de exposición comezará a contar a partir do día seguinte ó da publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

O expediente e demais documentación quedan de manifesto na dependencia de Servicios Externos do Concello de Narón, sita na estrada de Cedeira, km 1, en horario das 10.30 ás 13.30 e das 16.30 ás 18.30.

Narón, 6 de marzo de 2001.

Xoán Gato Díaz
Alcalde

## CONCELLO DE NOIA

*Anuncio.*

En cumprimento do disposto no artigo 8 da Lei 7/1995, do 29 de xuño, e disposicións concordantes da LSG, publícase que con data do 16 de febreiro de 2001 o Pleno extraordinario realizado aprobou por unanimidade a modificación puntual das normas subsidiarias do planeamento na zona de Santa María de Roo, trala recepción do informe preceptivo e vinculante da CPTOPV, que se emitiu en sentido favorable.

Noia, 19 de febreiro de 2001.

Rafael García Guerrero
Alcalde

## CONCELLO DA PASTORIZA

*Anuncio.*

Realizadas as probas selectivas para a provisión dunha praza de administrativo de Administración xeral, por promoción interna, de conformidade co que establece o artigo 23 do Real decreto 2223/1984, do 19 de decembro, faise público que, por proposta do tribunal cualificador, por decreto da Alcaldía do 26 de xaneiro de 2001, foi designada para a dita praza a funcionaria de carreira Trinidad Costa Alvite, do grupo C, co nivel 22 de complemento de destino.

A Pastoriza, 13 de febreiro de 2001.

José Yáñez García
Alcalde

*Anuncio.*

O Pleno da Corporación, en sesión que tivo lugar o día 19 de febreiro de 2001, tomou coñecemento do avance do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Pastoriza. De conformidade co disposto no artigo 41 da Lei 1/1997, do solo de Galicia, ábrese un prazo de información pública dun mes, contado desde a última publicación deste anuncio nun dos xornais de maior circulación na provincia, no BOP de Lugo e no *Diario Oficial de Galicia*, para efectos de que durante o referido prazo as entidades e os particulares poidan suxeri-lo que consideren oportuno e presentar propostas e convenios urbanísticos que coiden procedentes.

A Pastoriza, 13 de marzo de 2001.

José Yáñez García
Alcalde

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

*Resolución do 8 de febreiro de 2001 pola que se anuncia a licitación para a contratación das obras incluídas no proxecto de reforma de edificio para centro social en Santo André de Xeve.*

1. Entidade adxudicadora: Concello de Pontevedra. a) Órgano de contratación: Comisión de Goberno. b) Dependencia que tramita o expediente: Servicio de Contratación.

2. Obxecto: a) Obxecto: execución das obras do proxecto. b) Prazo: tres meses.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación: ordinaria, aberto, poxa.

4. Orzamento da licitación: 14.989.530 ptas., incluídos todo xénero de gastos, IVE e dirección técnica da obra.

5. Garantías: a) Provisional: 299.791 ptas. b) Definitiva: 4% da adxudicación.

6. Obtención de documentación e información: a) Lugar: Servicio de Contratación do concello. Praza de España. Pontevedra 36071. Teléfono/fax: 986 80 43 00/986 86 01 02. b) Data límite de obtención de documentos e información: vinteseis (26) días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no DOG.

7. Presentación das ofertas: a) Data límite: vinteseis días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no DOG. b) Documentación: cláusula 11ª do prego. c) Lugar: rexistro xeral do concello, das 9 ás 13 horas. d) Prazo durante o cal o licitador está obrigado a mante-la súa oferta: vinte días.

8. Apertura das ofertas: pola mesa de contratación o primeiro luns seguinte hábil ó do remate do prazo sinalado para a presentación das ofertas, ás 9 horas na sala de xuntas.

9. Gastos: serán por conta do adxudicatario os seguintes: a) Os dos anuncios que xere a poxa e os seus actos preparatorios. b) Os tributos estatais, autonómicos e municipais que deriven do contrato, incluído o IVE. c) Os de formalización do contrato de adxudicación en documento administrativo, de conformidade coa ordenanza fiscal reguladora da taxa. d) Os gastos de dirección técnica das obras.

Pontevedra, 8 de febreiro de 2001.

Raimundo González Carballo
Tenente alcalde delegado de área

Julio Dapena Outomuro
Secretario xeral

*Resolución do 8 de febreiro de 2001 pola que se anuncia a licitación para a contratación das obras incluídas no proxecto de reforma de local para centro social en Estribela.*

1. Entidade adxudicadora: Concello de Pontevedra. a) Órgano de contratación: Comisión de Goberno. b) Dependencia que tramita o expediente: Servicio de Contratación.

2. Obxecto: a) Obxecto: execución das obras do proxecto. b) Prazo: tres meses.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación: ordinaria, aberto, poxa.

4. Orzamento da licitación: 15.999.895 ptas., incluídos todo xénero de gastos, IVE e dirección técnica da obra.

5. Garantías: a) Provisional: 319.998 ptas. b) Definitiva: 4% da adxudicación.

6. Obtención de documentación e información: a) Lugar: Servicio de Contratación do concello. Praza de España. Pontevedra 36071. Teléfono/fax: 986 80 43 00/986 86 01 02. b) Data límite de obtención de documentos e información: vinteseis (26) días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no DOG.

7. Presentación das ofertas: a) Data límite: vinteseis días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no DOG. b) Documentación: cláusula 12ª do prego. c) Lugar: rexistro xeral do concello, das 9 ás 13 horas. d) Prazo durante o cal o licitador está obrigado a mante-la súa oferta: vinte días.

8. Apertura das ofertas: pola mesa de contratación o primeiro luns seguinte hábil ó do remate do prazo sinalado para a presentación das ofertas, ás 9 horas na sala de xuntas.

9. Gastos: serán por conta do adxudicatario os seguintes: a) Os dos anuncios que xere a poxa e os seus actos preparatorios. b) Os tributos estatais, autonómicos e municipais que deriven do contrato, incluído o IVE. c) Os de formalización do contrato de adxudicación en documento administrativo, de conformidade coa ordenanza fiscal reguladora da taxa. d) Os gastos de dirección técnica das obras.

Pontevedra, 8 de febreiro de 2001.

Raimundo González Carballo
Tenente alcalde delegado da área

Julio Dapena Outomuro
Secretario xeral

## CONCELLO DO PORRIÑO

*Anuncio.*

Anuncio de contratación, por concurso por procedemento aberto, para a prestación do servicio de mantemento das instalacións do polígono industrial da Granxa.

Obxecto: prestación do servicio de mantemento das instalacións do polígono industrial da Granxa.

Importe: 14.510.800 pesetas (87.211,664 euros).

Prazo de execución: dous anos prorrogables ata un máximo de catro, incluídas as prórrogas.

Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello do Porriño (Pontevedra).

b) Teléfonos: 986 33 13 01; fax: 986 33 58 50.

c) Data límite de obtención de documentación e informe: o día anterior a finaliza-lo prazo de presentación de proposicións.

Presentación de ofertas: prazo: 13 días naturais contados desde o seguinte ó da data do último anuncio que se publique no BOP, ou ben no *Diario Oficial de Galicia*.

O Porriño, 27 de febreiro de 2001.

José Manuel Barros González
Alcalde

## CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Edicto sobre ocupación da parcela 117 do polígono 1 do solo urbanizable programado número 3 (SUP-3) da Pontepedriña.*

A Comisión de Goberno, na súa sesión que tivo lugar o 27 de novembro de 2000, acordou autoriza-la ocupación da parcela 117 do polígono 1 do solo urbanizable programado número 3 (SUP-3) da Pontepedriña a favor da xunta de compensación do citado polígono, de conformidade co previsto no artigo 134.1º da Lei do solo de Galicia, con adxudicación ó seu propietario -Maximino García Vidal- dunha participación indivisa do 1,26% equivalente a 19,39 $m^2$ edificables, na parcela resultante R.1.1 do proxecto de compensación aprobado na mesma data.

A ocupación efectuarase o próximo día 4 de abril de 2001, ás 12 horas, en acta que se levantará coa presencia dun representante municipal e do presidente e do secretario da xunta de compensación.

De conformidade co previsto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP e PAC), este anuncio servirá de citación, en forma legal, á persoa que figura no catastro como propietario da parcela 7263605-NH3476C e que non pode ser citado persoalmente por descoñecerse o seu paradoiro.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2001.

Luís Toxo Ramallo
Concelleiro delegado de Urbanismo

## CONCELLO DE VIGO

*Anuncio de aprobación definitiva do proxecto de urbanización da rúa Pardaíña (expediente 4006/401).*

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 25 de xaneiro de 2001, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Primeiro.-Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización na r/ Pardaíña, promovido pola entidade *Mallas Calzadas, S.L.*, con planos redactados polo arquitecto Antonio Thomás de Carranza e visados polo COAG con datas do 19-2-1997 e 7-11-1996 (expediente 4006/401).

Segundo.-A conservación da vía interior do polígono será por conta dos propietarios das parcelas dela, integrados nunha entidade urbanística de conservación, que deberá constituírse antes da recepción das obras de urbanización do polígono.

Terceiro.-Antes do inicio das obras e como condición suspensiva dos efectos deste acordo de aprobación definitiva, o interesado deberá presentar un aval polo 100% do orzamento das obras, que ascende a 14.952.265 pesetas, como garantía da súa execución.

Cuarto.-Remitir unha copia deste expediente ó Departamento de Vías e Obras do concello, para os oportunos efectos.

Quinto.-Notificarlles este acordo a tódolos interesados nel e, en particular, á entidade *Promociones Ganesen, S.L.*

Contra o devandito acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os seguintes recursos:

a) Potestativo de reposición ante o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio.

b) Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da publicación deste anuncio.

c) De conformidade co artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de régimen jurídico de las administracións públicas y del procedimiento administrativo común, por medio deste anuncio notifícaselle-lo acordo que nel se contén a tódolos propietarios afectados descoñecidos, de ignorado enderezo, respecto dos cales non se puido practica-la notificación intentada.

Vigo, 2 de febreiro de 2001.

Lois Pérez Castrillo
Alcalde-presidente da Xerencia Municipal
de Urbanismo

*Anuncio da aprobación inicial do estudio de detalle do camiño da Raposa (expediente 5592/411).*

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 15 de febreiro de 2001, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Primeiro.-Aprobar inicialmente o estudio de detalle do camiño da Raposa, de acordo co proxecto presentado por José Luis Candeira Blanco, con datas de visado polo COAG do 4-9-2000 e 1-12-2000.

Segundo.-Someter este expediente ó trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior circulación da provincia, e notificación individualizada ós interesados directos por el.

O prazo de exposición ó público entenderase aberto desde a primeira publicación ata o remate do mes, contados desde o último anuncio. A documentación atópase na oficina de información da Xerencia Municipal de Urbanismo ó dispor do público, planta baixa do edificio da xerencia.

Este anuncio servirá de notificación nos termos do artigo 59 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común para tódolos propietarios e interesados directamente afectados que, por resultaren descoñecidos ou ignorando o seu enderezo, non poidan ser notificados persoalmente.

Vigo, 7 de marzo de 2001.

Lois Pérez Castrillo
Alcalde-presidente da Xerencia Municipal de
Urbanismo

## CONCELLO DE VIVEIRO

*Anuncio de contratación.*

A Comisión de Goberno do Concello de Viveiro, en sesión que tivo lugar o día 5 de marzo do ano que andamos, aprobou o expediente de contratación da obra que a seguir se relaciona:

1. Obxecto do contrato: execución da obra de acondicionamento de parque público na praza de Lugo.

2. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: urxente.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

3. Orzamento base de licitación: trece millóns noventa e catro mil duascentas setenta e dúas (13.094.272) pesetas (78.698,16 euros), de acordo coa seguinte desagregación:

a) Orzamento de execución material: 9.485.853 pesetas.

b) Gastos xerais: 1.233.162 pesetas.

c) Beneficio industrial: 569.151 pesetas.

d) IVE: 1.806.106 pesetas.

4. Garantías.

a) Provisional: duascentas setenta e unha mil oitocentas oitenta e cinco (261.885) pesetas.

b) Definitiva: 4% do importe da adxudicación.

5. Obtención de documentación: o proxecto técnico e o prego de cláusulas administrativas estarán á disposición de tódolos interesados no Negociado de Urbanismo e Contratación, sitos nos Clasutros de San Francisco, avda. de Cervantes, s/n, das 8 ás 15 horas.

6. Prazo de presentación das proposicións: 13 días naturais seguintes ó da publicación do anuncio no último dos boletíns oficiais (DOG e BOP). No caso de que o décimo terceiro día coincida en sábado, domingo ou festivo, entenderase o prazo prorrogado ata o día laborable seguinte.

7. Gastos de publicidade: serán por conta do adxudicatario.

8. Máis información: teléfono: 982 56 20 47, das 8 ás 15 horas. Fax: 982 56 31 56. Correo electrónico: viveiro@fegamp.es.

Viveiro, 13 de marzo de 2001.

César Aja Mariño
Alcalde